

cultura

As 19 asociacións do Arde Lucus recibiron as medallas de ouro. **Páx. 4**

sociedade

Vendéronse máis de 40.000 tapas no concurso que gañou El Boni. **Páx. 8**

infraestruturas

Presentado o proxecto para os barrios da Milagrosa e Feijóo. **Páx. 19**

medio rural

A Deputación renova as pasarelas peonís da estrada de Ombreiro. **Páx. 20**

deportes

O Bregán escolle o novo equipo de administración trala saída de Caneda. **Páx. 30**

Lugo vístese de luces para recibir o Nadal



Amaral será a cabeza de cartel do Caudal Fest

Tamén está listo o programa do festival A Candeloria no seu décimo aniversario. **Páx. 2-3**

As obras da intermodal, para primavera

Xa está en licitación o proxecto, que ten un orzamento de 20 millóns de euros. **Páx. 16**

O Pleno aproba o orzamento da Deputación

Conta de 116 millóns de euros, con máis servizos públicos e máis dinamismo económico. **Páx. 28**

Guillermo Cancelo



Director, actor e promotor de asociacións teatrais. **Páx. 7**

Gómez Besteiro



Deputado lugués e candidato á presidencia da Xunta polo PSOE. **Páx. 10-11**

Jesús Pedreira



Antigo xogador e actual presidente do Lume Béisbol Club. **Páx.31**



Salvatierra

ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca
¡100% GRATUITO, SIN COSTES!

¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

A FONDO

Arranca a celebración do Nadal en Lugo

Matilde Fernández (Matuquín) acendeu o alumeado para dar inicio a un programa onde os nenos serán protagonistas

Matilde Fernández, (Matuquín), integrante de Fuxan os Ventos e mestra de Lingua Galega e Literatura, foi a encargada de acender o alumeado ornamental de Nadal, dando comezo á tempada festiva no Concello de Lugo. A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, dirixiuse a todas e todos os lucenses e animounos a desfrutar das festas e das distintas actividades programadas para as festas nas rúas.

O Alumeado de Nadal permanecerá en funcionamento ata o 8 de xaneiro de 2022, en horario de 18:00 a 00:30 horas durante a semana, e de 18:00 a 03:00 as fins de semana e vésperas de festivos. Na xornada do 17 de decembro, adaptaranse as luces de Nadal á celebración da carreira Lugo Monumental.

En total, o alumeado conta con 778 elementos decorativos e preto dun millón de microleds. Este ano colócaranse nas distintas rúas e prazas un total de 189 arcos luminosos e distintos elementos ornamentais, entre os que destaca a decoración de 100 farois ou a colocación de figuras en 3D na praza de Santo Domingo, preto da Praza de Abastos, que contará como mínimo con 2.600 puntos de luz e a decoración de varias rotondas da cidade con árbores de 8 metros de altura e 1.900 puntos de luz. Noutras prazas, instalaranse outros motivos en 3D cun mínimo de 2.000 puntos de luz ou árbores de 3 metros de altura e 12.000 puntos de luz.

O percorrido do Camiño Primitivo recibirá unha decoración especial e as letras Lugo Km 100 colocadas na praza do Camiño Primitivo serán decoradas con luces. A árbore da praza Maior, fronte ao Concello, ten de 20 metros de altura e a praza Maior conta con figuras que poderán ser utilizadas como photocall. A nova praza da Mosqueira conta tamén con elementos deco-



rativos de máis de 1.500 puntos de luz. Os arcos contan, como novidade, con elementos visibles durante o día.

PROGRAMACIÓN

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou as actividades culturais do Nadal 2023. A área de Cultura achegará o Nadal a distintos puntos da cidade, con actividades organizadas no Auditorio Municipal Gustavo Freire, no MIHL, ou no Vello entre as que se atopan actuacións musicais, obradoiros e contos. Tamén dende a Tenencia de Alcaldía se está a promover o consumo en establecementos de proximidade.

A concelleira de Cultura indicou que “o Nadal é unha data propicia para fomentar tamén a nosa cultura” e engadiu “contamos con actividades para difundir entre as nenas e nenos as nosas tradicións, entre as que se atopan obradoiros de panxoliñas no Vello Cárcere, ou o Rancho de Reis Xeitoso, unha

actividade xa consolidada na programación do Nadal de cada ano, e que este ano volverá a Lugo o día 23 de decembro”.

MERCADO PRAZA MAIOR

A praza Maior acollerá dende o vindeiro mércores, 6 de decembro, e ata o 5 de xaneiro, un mercado de Nadal composto por 20 casetas de madeira que se porán a disposición dos e das comerciantes lucenses, de maneira gratuíta, e un poboado, formado por outros cinco postos, onde os cativos e cativas poderán visitar ao Sr. e Sra. Claus e ao emisario dos Reis Magos, Ben-Alí, ademais de gozar de actividades e obradoiros para diferentes idades. Os espazos ofrécense de xeito gratuíto aos comerciantes interesados, mediante un sistema de rotación semanal, de maneira que se lle dá oportunidade de participar a negocios de todos os barrios da cidade. O horario de apertura e atención ao público das casetas será de 11:00h a 14:30h e de 16:30h ás 21:00h. No caso das festividades: o

día 24 e o 31 o horario de peche do mercadillo será ás 14:30h, os días 25 e 1 de xaneiro permanecerá pechado. Así mesmo, os expositores que o desexen poderán ampliar o horario de apertura.

A fábrica de xoguetes dos elfos de Santa Claus estará funcionando a pleno rendemento para todos aqueles pequenos que queiran converterse nos seus axudantes. Un recuncho máxico onde participar en ilusionantes obradoiros de Nadal: soñando, inventando e creando.

Os nenos que acudan á cabana, poderán facer cada día un obradoiro de manualidades (un diferente cada día) deseñados especialmente para as datas que nos ocupan e con temática de Nadal. Todos/as os participantes levarán de recordo dunha xornada moi especial a manualidade elaborada. Haberá un monitor/a que dará as debidas instrucións de cada obradoiro e axudará na elaboración das manualidades aos participantes. Realizaranse varias quendas de 15 participantes cada unha.

PROGRAMA

- **22 de decembro.** Benvinda ao apalpador. Mercado Municipal e Rúa Quiroga Ballesteros.
- **Do 26 ao 29 de decembro e do 2 ao 5 de xaneiro.** Obradoiros Panxoliñas. O Vello Cárcere Aprender e desfrutar dos nosos cantos tradicionais con profesores especialistas, utilizando diversos instrumentos; guitarra, ukelele e pequena percusión.
- **26 e 30 decembro.** Medrando no Nadal. Festival de artes escénicas familiares e 1ª Infancia. Auditorio Municipal.
- **23 de decembro.** Rancho de Reis Xeitoso e Rancho Xeitoso. 17.30h. Recinto Histórico. Danzantes e músicos compoñen o Rancho de Reis Xeitoso polas rúas e prazas facendo Danzas do Ciclo de Nadal (fitas, paos, castañolas) e Cantos de Nadal e de Reis.
- **3 de xaneiro.** Concerto de Aninovo pola Banda Filharmónica. Auditorio Municipal.
- **4 de xaneiro.** Rancho de Reis Xeitoso e Rancho Xeitoso. 17.30h. Recinto Histórico. Danzantes e músicos compoñen o Rancho de Reis Xeitoso polas rúas e prazas facendo Danzas do Ciclo de Nadal (fitas, paos, castañolas) e Cantos de Nadal e de Reis.
- **5 de xaneiro.** Cabalgata de Reis. Chegada dos Reis Magos a Cidade de Lugo, saída ás 18h. Parque da Milagrosa. Actuacións diante do Concello para aliviar a espera. Ás 18.30 Mostra final do Obradoiro de Panxoliñas. 19h Bloco Meigallo.

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

**PROFESORADO
ESPECIALIZADO
PARA CADA
MATERIA**

ABAU (Antigua selectividad)

**BAC - E.S.O.
ACCESO CICLOS**

Matemáticas - Física
Química - Lengua
Gallego - Inglés
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA



**ALTO PORCENTAJE
DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica
para subir nota en ABAU**

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

NA PRAZA MAIOR

- **7 de decembro:** Maxia. Un microespectáculo infantil, de Nadal e divertido onde o público participa sen parar. Imposibles xogos visuais mesturados con humor e misterio. Unha viaxe a un mundo onde todo preséntase susceptible de ser transformado, onde nada é imposible.
- **9 de decembro:** Viaxe encantado ao Polo Norte (Contacontos). Contos onde se dará a coñecer aos mellores amigos de Santa Claus e todos os seus poderes máxicos, para percorrer tres historias moi especiais de renos, elfos e trasgos.
- **16 de decembro:** Contacontos a cargo da Sra Claus.
- **17 de decembro:** Rescate do Nadal (Contacontos). Neste espectáculo os nenos/as serán axudantes do taller de Santa Claus, pero hai un problema no Polo norte: non funciona o taller de xoguetes e os renos están enfermos, alguén fixo das súas para danar o Nadal. Unha mestura de historias onde os pequenos/as axudarán a que a maxia voe e o Grinch non se salga coa súa.
- **23 de decembro:** Maxia co Mago Roberto Lolo. Un show onde se mesturan diferentes estilos de maxia con moita diversión, risas e improvisacións.
- **30 de decembro:** Contacontos con Profe Alba.

Paralelamente, haberá exhibicións de música e baile de diferentes escolas e asociacións de Lugo no Templete e inmediatecións da Praza Maior e degustacións de chocolate e viño quente.



PRAZA DE ABASTOS

Xa a finais de novembro arrancou a campaña de Nadal na Praza de Abastos e no Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, co acendido das luces de Nadal de ámbalas dúas instalacións. Cristina López afirmou que “co alumeado de Nadal queremos convidar á veciñanza de Lugo a que se achegue á Praza de Abastos e ao Mercado Municipal e que coñeza os produtos de primeira calidade que se venden nestas dúas instalacións históricas”.

O acto contou coa animación musical da agrupación Claustromusical e cunha degustación de produtos dos distintos postos da Praza.

A Praza e o Mercado contan en total con 57 elementos decorativos, 12 arcos de luces no interior, 2 arcos na entrada da Praza e unha árbore central de 5 metros de altura. En total, o alumeado conta con 107.600 leds repartidos entre ámbalas dúas instalacións.



Cristina López lembrou que “todas as persoas que realicen compras por valor de 40 euros ou máis nos distintos postos da praza recibirán un agasallo”.

Na primeira mañá de promoción, rexistráronse 146 compras de máis de 40 euros, facturando os distintos postos da Praza e do Mercado un total de 6000 euros.

Este ano, a promoción terá lugar todos os sábados do mes de decembro, despois dos dous de novembro nos que tamén se celebrou.

A área de Participación habilitou un posto durante os días de promoción no horario de apertura da Praza para que todas as persoas poidan achegarse cos tickets dos distintos postos da Praza e do Mercado e canxealos polos agasallos que se entreguen ese día, entre os que destacan varios deseños de bolsas reutilizábeis serigrafadas cos cadros gañadores do certame de Pintura Rápida ou material promocional da Praza e do Mercado.

25 anos de XuvenLugo entre o 6 de decembro e o 7 de xaneiro

O Pazo de Feiras e Congresos abre as súas portas a unha nova edición de XuvenLugo, un dos salóns de actividades máis consolidados de toda Galicia, e que este 2023 cumpre un cuarto de século de vida. A mocidade luguesa poderá gozar este Nadal, concretamente entre o 6 de decembro e o 7 de xaneiro, dunha ampla oferta de ocio. Como vén sendo habitual, XuvenLugo dividirase en diversas áreas con actividades pensadas para distintas idades. Deste xeito, contará cunha ludoteca, dirixida a nenos e nenas de cero a sete anos, onde se desenvolverán xogos e talleres de animación xestionados por monitores e monitoras coa súa correspondente cualificación. O público dun rango de idade superior gozará dunha zona de videoxogos, dun campo interior de minigolf, dunha pista de slot (circuíto para coches de xoguete teledirixidos, semellante ao clásico Scalextric), dun rocódromo e dunha ampla variedade de atraccións e inchables.

Aínda que haberá un total de 23 días de actividade, celebraranse dúas xornadas moi especiais: o 23 de decembro, Papá Noel irá recoller as cartas e escoitar os desexos dos mozos e mozas; mentres que o 4 de xaneiro será un paxe dos Reis Magos o que visitará o recinto para tomar nota dos agasallos que deberán repartir días despois. A novidade principal de XuvenLugo con respecto a edicións anteriores é o sorteo de tres cestas con material escolar. As persoas gañadoras deste agasallo escolleranse entre as que escriban cartas dirixidas a Papá Noel e aos Reis Magos e tamén as asistentes o día 1 de xaneiro. “É o



xeito que temos de agradecerlle á xente a súa participación ano tras ano, á que animamos a sumarse de novo á consolidación desta iniciativa”, subliñou durante o acto de presentación Rubén López, xerente da Fundación, quen tamén lembrou que se sortearán entradas a través das redes sociais.

CALENDARIO. No mes de decembro, o salón poderá visitarse do día 6 ao 10, do 15 ao 17, do 21 ao 23 e do 25 ao 30. Xa en xaneiro, os nenos e nenas gozarán das actividades do día 1 ao 4 e o 6 e 7. O 15 e o 21 de decembro serán xornadas de portas abertas, con acceso de balde para todo o mundo.

O horario será de 16:30 a 20:30 e hai diferentes prezos: a entrada xenérica terá un custo de 7 euros; a de Concellos, Colexios e Asociacións (para un mínimo de 15 persoas) terá un importe 5 euros; e o bono para grupos de 10 persoas poderá adquirirse por un total de 60 euros. Todas as atraccións están incluídas, agás o minigolf, a pista de slot, a varredora e o rocódromo.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



Amaral será cabeza de cartel no Caudal Fest

Un dos pratos fortes da vindeira edición do Caudal Fest, a cita musical por excelencia da cidade, será a actuación do dúo zaragozano Amaral, unha das bandas españolas máis icónicas das últimas tres décadas, referentes do pop e o rock en castelán.

Eva Amaral e Juan Aguirre son autores de éxitos como *Sin ti no soy nada*, *Como hablar* ou *Días de verano* que xa forman parte da cultura popular de todo o país, polo que, sen dúbida, os integrantes de Amaral farán corear ao público lucense un repertorio cheo de himnos durante a súa actuación no Caudal Fest 2024, o vindeiro mes de setembro, na que está destinada a ser a maior edición do evento ata a data.

Amaral únese, entre outros, a Mikel Izal, quen tras liderar IZAL, actuará en Caudal Fest 2024 sendo o único festival de Galicia no que actuará en 2024. Arde Bogotá, a



banda do momento en todo o país que esgotaron todas as entradas da súa xira de presentación do seu último disco "Cowboys de la A3" tamén estará no Caudal Fest, sendo unha das poucas citas onde se lles poderá ver en Galicia en 2024. Xunto a estes artistas, outros como Ginebras, Nil Moliner, Carlos Sadness, Varry Brava, Ladilla Rusa e moitos máis.



As 19 asociacións do Arde Lucus recibiron as medallas de ouro

Os 19 colectivos de recreación histórica do Arde Lucus recibiron a medallas de ouro da cidade pola súa tarefa para facer do valor do pasado cultural de Lugo o motor para acadar unha sociedade máis tolerante. "Nun momento social onde o diverso, o diferente, o mesturado, é visto de novo con desaprobación por parte daqueles que alimentan a intolerancia, é máis necesario que nunca amosar ao mundo que somos a suma daque-

les que nos precederon, non a súa división", sinalou a rexedora.

As entidades galardoadas, que aglutinan a preto dun millar de socios e socias, foron: Ara Roma; Asamblearias Lucus Augusti; Caetra Lucensium; Civitas Lucensis; Clan de Breogán; Cohors III Lucensium; Guardia Pretoriana – Cohors Lvcensium Praetoria; Kertix; Lucus Equites; Lucus Icenas Miliatore; Lugdunum; Mercenarios Galaicos; Pax Romana Lucus; Salesiani Luci

Augusti; Senatus Lucus Augusti; Terra Copora; Tir Na n'Og; Trebas Galaicas; Vestales Lucus Augusti.

A XXIII edición do Arde Lucus celebrárase do 13 ao 16 de xuño do vindeiro ano. Así llo comunicou o concelleiro de Xuventude, Jorge Bustos, ás dezanove asociacións que fan posible esta festa de recreación histórica, durante o transcurso da IX cena de confraternización que mantivo cos colectivos.

A RAG busca a palabra do ano

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié acaban de abrir a campaña para a elección popular da Palabra do Ano 2023. Ámbalas dúas institucións promoven esta escolla colectiva dende o ano 2014 a través do Portal das Palabras, o proxecto web que comparten para a difusión do léxico galego. O público poderá participar ata o domingo 10 de decembro na fase de recolla de suxestións, da que saíran os vo-

cábulos finalistas. A votación popular desenvolverase entre o martes 12 e o luns 25 de decembro.

A campaña da Palabra do Ano procura identificar voces que incidan dalgunha maneira en cuestións especialmente destacadas na conversa pública dos últimos doce meses, que sintetizen como se viviron comunitariamente ou que estean relacionadas con algún fenómeno ou nova preocupación.

PREMIO OTERO PEDRAYO A DARÍO VILLANUEVA

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi o encargado de entregarlle o Premio Otero Pedrayo a Darío Villanueva nun acto que acolleu o salón de actos do Pazo de San Marcos. Este premio foi concedido por un xurado composto por representantes das catro deputacións, as tres universidades, a RAG, o Instituto Padre Sarmiento e a Fundación Otero Pedrayo.



SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Rede Museística impulsa este mes actividades do programa CoidArte

A Rede Museística da Vicepresidencia da Deputación de Lugo impulsa o programa CoidArte. Trátase dunha iniciativa de Museoloxía Social con actividades que van desde exposicións, webseries ou obradoiros que percorreren os catro centros.

O obxectivo desta proposta cultural e educativa é coidarse dende o emocional ao físico, xerando unha rede de actividades para todos os públicos e centradas no Nadal. Tamén se inclúe unha nova edición de Fotografía a Cegas, un programa que este ano se centra nos retos do imposible e que, entre outros temas tocará a sinestesia.

Iria Castro destacou a importancia destas actividades que “abren as oportunidades e permiten o acceso a distintas modalidades artísticas a persoas de todas as idades, dende nenos ata persoas maiores, e condicións. Unha oportunidade para coñecer os centros da Rede Museística e descubrir o valor da cultura”.

O Museo de Lugo acolle un curso de loga e arte, os martes e xoves de 11 a 12:30 e os venres dende as 18:30 ás



20 horas, para o que non é necesario inscrición previa. Ademais, presentárase a accesibilidade da Sala Castelao deste centro, que acollerá un obradoiro de Cogami Monterroso e a presentación do material de apoio á inclusión o martes 19 de decembro.

Un día antes, coincidindo co Día do Migrante, realizarase unha presentación da web serie *Ronsel de futuro. Historias Soterradas*, ás 19 horas no Museo e, ás 20 horas será no Vello Cárcere. Tamén nesta xornada se presentará, na Sala Multiusos do Museo de Lugo *Mulleres nas aldeas. Culturas en Diálogo*, que bus-

ca centrar a atención nas mulleres inmigrantes que traballan no rural coidando.

Dende o 19 de decembro ata o 1 de marzo, o fotógrafo Adra Pallón exporá *Intrahistorias: Luz entre as cinzas* nos 4 museos da Rede. As imaxes, realizadas nos últimos 5 anos, reflicten o día a día dos lucenses en distintas realidades. O Museo de Lugo contará cunha colección de fotografías dos incendios da provincia; no Pazo de Tor estarán imaxes de feirantes; en San Paio de Narla o protagonismo estará no rural e no Museo do Mar a Loita de Alcoa centrará a exposición.

Los Chikos del Maíz, Mafalda e Talco estarán no décimo Candeloria

O vindeiro 2 de marzo celébrase o décimo aniversario do festival A Candeloria, que o fará cunha programación a base de referentes da escena musical actual. Los Chikos del Maíz son un dos grandes atractivos do cartel, pois volven ao Pazo de Feiras e Congresos cando pasan 9 anos da súa última visita.

Mafalda, grupo que xa forma parte da historia da cita, pois será a súa terceira vez no festival, tamén visitará a cidade para achegar a súa xira coa que se despiden dos escenarios. Outra das bandas icónicas, Soziedad Alkoholika, é outro dos confirmados, xunto co grupo Me Fritos and The Gimme Cheetos.

Convertidos nunha das bandas máis en forma do metal galego, Os Arrhythmia, que pisaron o escenario na primeira edición da Candeloria, tamén estarán presentes no aniversario. Outro dos



grupos confirmados son os italianos Talco, considerados referentes do ska punk a nivel mundial e que se caracterizan polas súas letras reivindicativas.

O grupo de rap barcelonés Tribade, referente na música feminista e La Duendeneta, que poñerá o broche de ouro ao encontro completan o programa que se vén celebrando dende o ano 2014 e que xa se converteu nun dos eventos imprescindibles durante o inverno.

A EPS e a Sociedade Micolóxica Lucus crearon unha guía sobre cogomelos

Persoal docente e investigador na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus de Lugo da USC elaboraron xunto coa Sociedade Micolóxica Lucus a primeira guía micolóxica básica da provincia de Lugo. Esta nova publicación, coordinada por Antonio Rigueiro e Julián Alonso, e na que tamén colaboran como autores José Castro Ferreiro e María Cristina García-Echave, pretende ser unha ferramenta de utilidade para todas aquelas persoas interesadas en iniciarse no mundo da macromicoloxía. A obra, de carácter divulgativo, achega información de xeito claro e comprensible, pero con contidos completos e rigorosos.

A Muralla celebrou ao son da música de corais o seu aniversario

Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo, e Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua asistiron no Vello Cárcere ao encontro de corais co que o Concello de Lugo celebrará o 23 aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade. Ferreiro afirmou que “celebramos unha data moi relevante na historia de Lugo, o aniversario da declaración como Patrimonio da Humanidade do noso monumento máis importante”.

As corais do Hospital e Lugh realizaron un concerto no Vello Cárcere, facendo unha homenaxe coral á muralla. “A tradición da música



coral que hai en Lugo pareceunos o mellor xeito de render unha homenaxe musical á muralla”, explicou Maite Ferreiro. Afirmou que “o recoñecemento da Muralla sería imposible sen a gran implicación

que demostraron as institucións e a veciñanza de Lugo”, e animou a todas as veciñas e veciños de Lugo “a gozar da muralla e a asistir ás actividades que celebran esta data tan sinalada para a cidade”.

En marcha o XXIX Certame de Contos Trapero Pardo

Xa está en marcha unha nova edición do Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo, no que poderán participar todas as rapazas e rapaces de 12 a 18 anos dos centros de ensino de Lugo. Cada persoa poderá presentar un máximo de tres relatos, que terán unha extensión máxima de 10 páxinas escritas a unha soa cara. O certame está dividido en dúas categorías, de 12 a 14 e de 15 a 18 anos, con tres premios cada unha.

Os gañadores recibirán un diploma e un lote de libros, e a maiores reparíranse premios de distintos valores. Os relatos poderán presentarse até o 23 de decembro de maneira telemática ou presencial.

AZULEJOS Y PORCELÁNICOS DESDE 4€

MUEBLES DE BAÑO DESDE 99€

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet sótano GARANTÍA DE CONFIANZA COMERCIAL

azulejos, porcelánicos & muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

LIQUIDACIÓN DE STOCK ANUAL

(Sólo hasta el 15 de enero)

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es



Lugo convértese no centro da arte

A cidade concentra varias mostras e exposicións, comezando pola XIV Bienal do Eixo Atlántico e unha retrospectiva no Museo

A XIV Bienal de Pintura do Eixo Atlántico inaugúrase no Vello Cárcere de Lugo, onde se poderá visitar ata o 30 de decembro. Durante a inauguración fíxose entrega dos premios. O primeiro foi para *O corpo da paisagem*, de Ricardo de Campos e o segundo para *Dactilografía de um sonho*, de Margarida Gomes. O premio Novos Talentos foi para *Nem Uma Passa?*, de Gonçalo Ribeiro.

Os galardóns, nesta edición, ascenden a 4.000 euros para a mellor obra do certame, 2.000 euros para o segundo premio e 1.500 para o Premio Novos Talentos Luso-galicos, para mozos artistas con idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos.

A exposición conta con obras dunha ampla variedade estética e técnica. Das 104 obras presentadas, 25 foron seleccionadas polo xurado. A partir do mes de xaneiro de 2024, a exposición percorrerá, até outubro, as cidades de Braga, Bragança, Maia, Ribeira, Felgueiras, Vila Real, Vila Nova de Gaia, Barcelos e Monforte de Lemos.

MIL CORES: 10 ANOS. O Vello Cárcere

acolle tamén, ata o 6 de xaneiro, a mostra *Mil Cores: 10 anos*, un traballo colectivo para conmemorar os 10 anos do colectivo artístico e social formado na cidade de Lugo.

Na exposición, artistas das máis diversas idades e estilos xúntanse baixo o paraguas de Mil Cores para expresar a súa visión plástica e social, e intercambiar puntos de vista e experiencias enriquecedoras. A mostra está dedicada a María del Mar García Piñeiro, compañeira e

artista do colectivo, e conta con traballos de 150 autores e autoras con obras de diferentes técnicas: fotografía, óleo, acrílico, lapis, acuarela, tinta, impresión dixital, rotulador, carbón ou pastel.

XUNTA. A sala de exposicións da Delegación Territorial da Xunta en Lugo acolle a exposición *De todas madeiras*, do artista ourensán Xosé Manuel Moxom, que poderá visitarse ata o día 8 de decembro; está

aberta ao público de luns a venres entre as 9.00 e as 19.00 horas, e os sábados pola mañá, ata as 14.00 horas.

A mostra está composta por 27 tallas de madeira natural policromada, moitas das cales representan figuras femininas. Moxom é un artista polifacético, que se iniciou como debuxante, e conta con numerosas exposicións individuais e colectivas na súa traxectoria. No ano 2020 expuxo

na Casa de Galicia en Madrid a colección *Mis raíces*.

MUSEO. O Museo de Lugo inaugura a exposición *Leopoldo Novoa. O silencio da pintura*, que inclúe 32 obras entre cadros e libros ilustrados polo artista pontevedrés. Na apertura, Susana Carlson, viúva do artista, anunciou a doazón ao Museo Provincial de Lugo de *Samos*, unha obra sobre lenzo e lousa realizada en 1993.

A peza abre a mostra que se pode ver no Museo Provincial ata o 4 de febreiro, con 32 obras que sitúan Leopoldo Nóvoa (Salcedo, Pontevedra, 1919-París, 2012) como unha das grandes referencias da arte abstracta tanto dentro como fóra de Galicia na segunda metade do século pasado.

A comisaria da mostra Rosario Sarmiento indicou que a exposición "producida especialmente para as salas do Museo Provincial de Lugo pretende dar a coñecer o traballo de Leopoldo Nóvoa desde un relato que explique as referencias básicas para entender a súa traxectoria como artista plástico".

DOUS NOVOS RECUNCHOS EXPOSITIVOS

SOLAINA. A galería de arte Solaina inaugurou un novo espazo expositivo de dita galería, a súa fiestra. Con esta idea Sergio Marey, director do espazo, quere que haxa sempre unha ventá aberta á arte contemporánea, "que calquera veciño do barrio que pasee por alí sempre poida gozar dunha creación actual, aínda que a galería estea pechada". Para inaugurar este novo espazo, Solaina lanzou unha convocatoria aberta a fotógrafos e artistas da

imaxe galegos e portugueses e/ou residentes en Galicia e Portugal. Con esta convocatoria buscan tamén poñer en valor a historia da cidade e facer memoria de grupos tan importantes como a Agrupación Fotográfica Lucense de Educación e Descanso e o seu labor.

NÉBOA. Inaugúrase tamén a galería Néboa con *Non hai dúas sen tres* da compostelá Carlota Pereiro na rúa Lamas de Prado 31, Lugo. A

concepción desta exposición xurde no momento puntual no que a artista contempla unha das súas recentes obras e decátase da existencia dun mundo tríplico en forma de realidade arcana organizada arredor do número tres. Néboa é unha galería de arte contemporánea, un espazo cuxa poética se centra na emoción, no sentimento máis que na razón. Nace coa vocación de representar a arte que conecte coas orixes, coa natureza, coa esencia.

HERBÓN
DESQUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

NUESTROS PLANES DE SALUD

Nuestros amigos necesitan estar siempre controlados, desde pequeños hasta viejitos. Con nuestros planes de salud no vas a tener que preocuparte por ningún coste grande repentino ya que estarán totalmente controlados y tendrás descuentos en nuestros servicios.

PLAN AMIGO

PLAN DE SALUD SENIOR

VEN E INFORMATE CON NOSOTROS SIN NINGÚN COMPROMISO

PLAN BUCODENTAL

PLAN DE SALUD CACHORROS

PLAN DE SALUD ADULTOS

FELIZ NAVIDAD
y
FELIZ AÑO NUEVO

PORTOVET

¡No dudes en llamarnos!

¿Dónde estamos?

Calle Dinan 1-3, Lugo
982.46.50.65

Portovet



“O feito de practicar o acto teatral é, por si mesmo, terapéutico”

Guillermo Cancelo, director, actor e promotor de varias asociacións teatrais

De onde vén e cando xorde a súa paixón polo teatro?

Pois cando era estudante na escola de Imaxe e Son en Ourense, aínda que facía as miñas cousas como realizador, sempre acababa sendo actor en moitas das curtametraxes que faciamos na escola, e iso fíxome achegarme e pensar sobre elo.

Como foron os seus inicios no teatro?

Xa en Barcelona sobre o ano 97, comecei a formarme en diversas escolas de teatro e a participar nalgúnhas curtametraxes. O meu primeiro papel chegou nunha peza sobre textos de Lorca, no Festival Grec 98 e antes de virme de novo a Galicia, pois tiveron a ocasión de poder traballar cun dos grandes directores deste país, como é Lluís Pascual, nunha montaxe que despedía unha das salas máis representativas do teatro europeo, El Teatre Lliure.

Cales son as Asociacións nas que participou á súa volta a Galicia?

Asociacións foron unhas cantas, a verdade, e aínda estamos aí. O primeiro grupo que promovín foi Hipócrata Teatro de Lugo, formado por alumnos da aula municipal do Concello lucense, a cal dirixín dende o

ano 2002 o 2010. A súa primeira actuación como grupo foi no San Xoán en Sarria, precisamente. Rebuldeira Teatro tamén deu os seus primeiros pasos comigo. Ao abrigo da aula de teatro municipal de Sarria, que se mal non lembro, iniciou os seus pasos no 2009. Daquelas, o teatro en Sarria era algo máis ben residual, foron catro anos de crecemento exponencial.

Actuou en diversas series de televisión. Gústalle máis actuar para a cámara ou para o público en directo?

Son formas distintas de traballar: a cámara está máis próxima a un, polo tanto cada cousa que fagas non escapa ao espectador por pequena que sexa. O teatro pide unha maior presenza do actor e todos os seus sentidos. O que si penso é que un actor con formación teatral pode adaptarse máis rapidamente ao traballo cinematográfico que un actor de cámara poida facelo no teatro, sen unha mínima formación. Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar.

Por que decidiu ir por libre?

Pois pola necesidade de dar saída a diversos proxectos persoais. Naquel primeiro momento, no ano 2010,

puxémonos a traballar Iria Acevedo e máis eu nunha montaxe de Teatro para Bebés, unha peza que tivemos a oportunidade de mover por moitos espazos teatrais de Galicia, así como no Culturgal en Pontevedra ou no Festival Internacional de Teatro para Bebés da Coruña. Os nenos disfrutaban moito do espectáculo, pero se viras as caras dalgún pai ou nai...

Que actuacións teñen agora mesmo en activo?

Eu, como compañía profesional, como Teatro do Miolo, estou agora mesmo cunha peza de creación persoal: *Saíndo do cerco*, unha comedia existencialista de dous maiores, das súas necesidades, motivacións e de como viven o final da súas vidas. Precisamente, estiven no Vicedo e na casa da cultura de Sarria. Logo, as compañías amadoras, nas que desenvolvo a miña labor como director e, ás veces tamén como autor, pois nestas datas a tope ata fin de ano temos tres comedias. Con Lume Escénico da Pontenova temos unha comedia de creación propia que leva por título *Pontenova Fassion Wiii*.

Co grupo Os Trocos Teatro de Castro de Rei seguiremos pola provincia ata rematar o ano coa montaxe *Camping*

Gas. Con esta peza estamos conmemorando o décimo aniversario da escola municipal de Castro de Rei e decidimos retomar esta obra, aínda que tiveron que adaptala a un novo reparto. Con Borguete Teatro de Vilalba estaremos en decembro en varios concellos coa peza *O Velorio*.

Actúa só na provincia de Lugo?

Coas compañías amadoras pola provincia de Lugo principalmente, xa que son funcións dentro do círculo amateur da Deputación ou en xornadas de teatro municipal que organizamos entre os distintos concellos onde dirixo aulas formativas.

Por que é importante levar o teatro aos concellos da provincia?

O teatro é moi importante apoiado dende os concellos, pero tamén dende as administracións provinciais ou estatais: educación, sanidade, servizos sociais. Cando estamos inmersos na práctica do xogo teatral, fomentamos o noso crecemento afectivo e social, aumentamos a autoestima, a empatía cos demais, a creatividade e, coa memorización de textos, melloramos a nosa capacidade cognitiva. Eu sempre dixen que o teatro é máis importante que as matemáticas. Evidentemente, é unha maneira de falar, pero para o desenvolvemento do individuo o xogo teatral é básico. O teatro tiña que ser obrigatorio no ensino público. O acto teatral, o feito de practicalo é, por si mesmo, terapéutico; pasar un por distintas e diversas situacións na práctica teatral fai moitas veces que experien-



cias persoais pasadas que o mellor non foron ben resoltas, agora ao pasar por feitos similares nunha improvisación ou texto teatral, fan que moitas veces curemos o noso propio ser. Eu falo disto, dende a propia experiencia con alumnos que pasaron por situacións difíciles na súa vida e coa práctica do teatro atoparon un verdadeiro bálsamo. Xa tiveron alumnos con asperxer, esquizofrenia, problemas condutuais, e o ben que fixo neles o teatro, foi moito. Eu dou obradoiros de carácter terapéutico no centro da Cruz Vermella con ra-

“Moitos dos actores do cine de agora teñen dificultades á hora de falar, de vocalizar”


paces de dano cerebral.

Que é o que máis lle gusta do teatro?

A verdade é que fago moitas cousas e todas elas teñen o seu. Cando preparo un deseño dunha iluminación nun espazo que ten as condicións e os equipamentos adecuados e ves que a consegues como a imaxinaches, é un pracer; ou cando escribes unha escena e xa a estás vendo cos actores que a van interpretar. Depende de para quen, igual non é moi agradable ver a un tipo partíndose de risa pola casa adiante ás tantas da mañá mentres escribe unha escena.

Como actor, é moi gratificante cando sentes a enerxía do público, cando sentes que está do teu lado, que o que estás facendo chega a esa persoa que está aí sentada observando. **Ten algún proxecto futuro en mente?**

Estou con adaptacións de obras para distintas aulas, nas que os ensaios darán comezo despois das festas de Nadal. A nivel de proxecto persoal, non estou escribindo nada neste momento, pero... a cabeza non para.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

A Plataforma sanitaria cre que o servizo do ictus non será completo

A Plataforma pola Defensa da Sanidade e Especialidades do Hula vén de facer público un escrito no que demanda á Xunta de Galicia unha atención completa xa que considera que o anuncio realizado polo concelleiro non é o que demandaba este colectivo.

“Alguén se cre que o concelleiro está a anunciar unha unidade de ictus completa para Lugo e Ourense ou anuncia un novo sucedáneo recortado, por iso volvémoslle a repetir que loitaremos no tempo e se é preciso en período electoral por unha unidade completa de ictus da cal unha vez máis facilitamos a composición requirida para

Lugo”, din. Entre as demandas do servizo está un neurólogo de garda 24 horas día, con presenza física no Hula; un neuroradiólogo de garda 24 horas día, con presenza física para diagnóstico e tratamentos, que será tamén o responsable no caso de que despois de aplicados os tratamentos químicos para disolver o trombo e se non se logra o resultado óptimo, será o profesional que acceda á arteria taponada e extraia o trombo.

Tamén solicitan un equipo de enfermaría, unha unidade de camas específicas para ictus, unha dotación de Monitorización Neurolóxica e un servizo de Rehabilitación .

María Mouriz foi nomeada a coordinadora de Novas Xeracións

Novas Xeracións da cidade de Lugo segue aumentando o seu equipo de traballo. Así foi nomeada como coordinadora xeral María Mouriz durante unha xuntanza na que participaron a presidenta do PP da provincia e voceira municipal, Elena Candia, e a presidenta de NNXX Galicia, Nicole Grueira.

NNXX reforza así o seu comité directivo local co nomeamento dunha rapaza do barrio da Milagrosa que os compañeiros da formación xuvenil definen como “humilde, traballadora, preparada e, sobre todo, cunha gran calidade humana”. Trátase



dunha incorporación ao equipo que xa traballa pola mocidade lucense e que está “disposta a colaborar”.

Vendéronse máis de 40.000 tapas no concurso que gañou El Boni

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto coa concelleira de Participación asistiu á clausura da XVIII edición do Concurso de Tapas de Lugo no MIHL Maite Ferreiro e destacou “a importancia deste concurso para a cidade e para o turismo, así como para a hostalería local”, e fixo fincapé na importancia do Concurso de Tapas “para promocionar os produtos locais e o consumo de Km0”.

O XVIII Concurso de tapas pechou con máis de 40.000 tapas vendidas, o que supuxo unha facturación de máis de 200.000 euros para os establecementos participantes. Maite Ferreiro destacou a “importancia deste certame na hostalería local e



no comercio da cidade”, e agradeceu a todo o persoal da APEHL “a súa implicación ano a ano para que este concurso sexa un éxito”.

A edición 2023 do concurso de tapas

de Lugo contou con 37 establecementos de hostalería participantes distribuídos por toda a cidade. O restaurante El Boni foi o gañador do certame.

Un estudante foi seleccionado para un premio de alta cociña

Le Cordon Bleu publicou a lista dos mozos seleccionados que participarán na XII edición do Premio Promesas da alta cociña. Entre todas as inscricións recibidas, a escola seleccionou un total de 50 estudantes para acceder á seguinte fase do prestigioso certame nacional.

Os alumnos galegos seleccionados son: Jacobo Diz Gómez, do CIFP Paseo das Pontes da Coruña e Alejandro Luis Pena Mouricio, do IES Sanxillao de Lugo, representarán a Galicia nesta fase do concurso.

Nesta segunda fase, os alumnos de cociña seleccionados procedentes de 28 escolas repartidas en 21 pro-

vincias de todo o territorio competirán a través de videorecitas por un dos 10 postos da final. Andalucía con 14 e a Comunidade Valenciana, con 7 candidatos, son as comunidades autónomas con maior representación nesta edición.

O próximo paso será realizar unha vídeo receita de máximo 5 minutos de duración, e con data límite de entrega o día 17 de xaneiro de 2024. Os candidatos terán que realizala seguindo unhas pautas comúns marcadas por Le Cordon Bleu, nas que todos os seleccionados parten cunha base común de produtos.

O Concello adhirese ao Sistema de Alerta Temperá contra os ciberataques

O Goberno de Lara Méndez recibiu recentemente a confirmación oficial da adhesión do Concello de Lugo ao Sistema de Alerta Temperá de Internet (SAT-Intet) do Equipo de Resposta a Incidentes de Seguridade da Información do Centro Criptolóxico Nacional (CCN-CERT).

O Sistema de Alerta Temperá de Internet (SAT-Intet) é un sistema desenvolvido polo CCN-CERT e que busca actuar antes de que se produza un incidente de seguridade ou, cando menos, detectalo nun primeiro momento e reducir o seu impacto e alcance. Este sistema permite a detección rápida de incidentes.

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

APROVECHA NUESTROS DESCUENTOS

HASTA UN

40%

EN LAS PLANTAS

1ª - 2ª - 3ª

MOBELRIAS
pensando en ti

villamor
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80
www.mueblesvillamor.es
9194 - N-VI (Madrid) - 40000000 km 906.4 - Lugo



Mitad de peso,
misma energía



Cambia HOY
a PLUMA
SIN COSTE



PLUMA es una bombona con la mitad de peso que las tradicionales.

Cambia tu bombona tradicional de acero Galp o tu bombona ligera de otra compañía por PLUMA sin coste.

“O Goberno galego ten pendente con Lugo romper a barreira da Galicia de dúas velocidades”

José Ramón Gómez Besteiro, deputado pola provincia, será o candidato á Presidencia da Xunta polo partido socialista nos próximos comicios

Logrou un apoio no partido moi elevado para ser candidato. Como se acolle esta situación?

A verdade é que si, ademais que o Partido Socialista é o único que fai verdadeiras primarias. Por tanto houbo ese primeiro momento no que todo o mundo podía presentar as súas candidaturas pero ao final a única que avanzou foi a miña, o cal quere dicir que tivo un respaldo do 100% do partido. E isto é importante, que haxa un partido unido en torno a unha candidatura. Pero así desenvólvese o proceso de primarias, outras veces hai máis candidaturas e hai máis votación, pero esta vez a única candidatura que saíu adiante foi a miña e ao final eu creo que é

saron por unha experiencia pública e privada, eu si a pasei e formoume, eu creo que ademais nese sentido fíxome máis completo. E agora pois esa experiencia que estou vivindo tamén no Congreso dos Deputados, pero xa previa ao que van ser unhas eleccións en Galicia. Eu creo que é unha experiencia moi útil, moi plural e eu creo que iso me fortalece e me enriquece.

Entón quédase coa pública?

Neste momento si, pero quero dicir que os dous candidatos, o do Partido Popular e o do Bloque Nacionalista galego, levan 20 anos metidos no Parlamento por unha razón ou por outra. Rueda leva 14 anos na Xunta, Ana Pontón creo que leva 20 anos

meses de delegado pois eu creo que desde o primeiro momento puxen o pé en terra, pé a estar preto dos cidadáns e ver os proxectos, foi pouco traballo de despacho e moito de proximidade. E na miña vida privada seguí vivindo a política de forma intensa, de forma próxima. Por tanto, eu creo que non foi difícil, porque o fago da forma na que máis me identifico, que é unha política próxima.

Foi designado para xestionar a investidura de Sánchez, despois de ser delegado, significa unha gran proximidade co presidente?

Eu creo que, e non é por falsa humildade, realmente Pedro Sánchez é un home moi próximo a Galicia máis que o feito de que eu estea próximo a Pedro Sánchez, que é verdade, teño unha afinidade e unha proximidade con el. Eu creo que neste caso Pedro Sánchez está máis próximo a Galicia que outra cousa e que vive moi intensamente as cuestións galegas. Ténho dito moitas veces, en clave de inversións e de apostas por Galicia, foi o Presidente máis galego de todos os que coñezo na democracia, do PSOE e do PP.

Como ve a situación antes do comezo da campaña?

Eu creo que estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular e que despois de 14 anos este é un Goberno esgotado, un Goberno que está presidido por unha persoa triste, cun proxecto triste de Galicia. En definitiva, eu creo que a xente quere algo máis, Galicia merece algo máis. Nesa liña o Partido Socialista vai xogar un papel importante, vai dirixir ese cambio que soamente se vai producir se o lidera o Partido Socialista. Ademais, estamos nesa liña, a xente ve ao Partido Socialista como ese partido que pode aglutinar, que pode responder positivamente a ese



cambio e que ademais o lidere. Eu son tremendamente optimista, esa é a hipótese coa que traballo porque é a que percibo no día a día.

Falando da provincia de Lugo, que necesidades ten para ser abordadas dende o Goberno galego?

O Goberno galego ten unha materia pendente con Galicia, con Lugo en concreto, que é romper esa Galicia de dúas velocidades. É dicir, durante estes 14 anos o que se fixo foi abrir máis esa fenda entre Lugo e Ourense co resto de Galicia. Galicia non funciona á mesma velocidade e en Lugo en concreto todos o sabemos. A cohesión territorial e social brilla

“Estamos xa tocando o cambio, fraguando a idea de que efectivamente Galicia ten que pasar páxina do Partido Popular”

pola súa ausencia, como as políticas de envellecemento, os servizos sociais, a sanidade (cada vez máis distanciada dos cidadáns), con residencias modelo granxa que ten en marcha a Xunta de Galicia para as persoas maiores. Pero dende o punto de vista do Goberno galego quedan moitas infraestruturas por rematar, as conexións entre a parte interior de Lugo, e estoume referindo á conexión entre A Fonsagrada e

Becerreá, esa parte interior está sen facer; a conexión da Mariña, o VAC da vía norte leva 14 anos sen facerse, non se remata a duplicidade de dobre ancho de autovía entre Lugo e Monforte que a ten que facer a Xunta de Galicia. A desconexión das infraestruturas é total, o desinterese é absoluto, coma en Lugo, onde leva 20 anos sen facerse o Plan Paradai e non se desenvolve a Rolda Leste. En definitiva, en infraestruturas estamos peor que nunca e cun departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia que mira para outro lado, o único que saben facer é poñerlle deberes aos demais, pero non facer os seus. Temos tamén unha aposta definitiva e unha revolución urxente no mundo do agro, no mundo forestal e sobre todo da garantía para todos os gandeiros da estabilidade e do desenvolvemento enerxético, onde Lugo pode ser unha potencia e non o está sendo. En definitiva, Lugo ten que vencer fronte a esa desconexión que ten do resto do arco atlántico de Galicia e por iso esas apostas pola reindustrialización que son comúns en Galicia, pero especialmente na provincia de Lugo son necesarias urxentemente.

Ve a Rueda máis débil que Feijóo á hora de loitar pola Xunta?

Eu véxoos débiles aos dous. Eu creo que Feijóo apostou, e ademais a debilidade marcouna el, dixo que ía gañar as eleccións, que ía ser presidente do Goberno e a realidade é testana e os votos son testáns tamén e demostraron que non, que non ía ser o próximo presidente do Goberno. Polo tanto, el mesmo marcou a liña entre ganador e perdedor. Agora é un perdedor. Non hai nada de malo niso, é algo democrático, pero hai que asumilo e el aparece agora coma un perdedor. E eu creo que Rueda vai ser o seguinte perdedor porque efectivamente responde ao que che dicía antes, Rueda non é un descoñecido, aínda que nalgúns sitios de Galicia non o coñecen, por iso agora está involucrado nunha carreira porque o coñezan. Pero logo de 14 anos de estar no Goberno como vicepresidente, como man dereita de Feijóo tamén é responsable destes 14 anos. E estes 14 anos o que representan



unha cuestión positiva que, despois dese proceso de primarias, pois haxa unha única candidatura que represente a todo o partido e que todo o partido está detrás dela.

O seu regreso á política é recente e xa ocupou cargos de relevancia, como delegado do Goberno e agora como deputado. Como foi esta experiencia?

Foi moi pouco tempo (como delegado) pero foi un tempo moi intenso tamén porque era un momento de fondos europeos, de poñer en marcha o plan de recuperación do Goberno. Foi sumar a unha experiencia que tiña previamente no ámbito local durante oito anos e no ámbito provincial na Deputación. Polo tanto foi retomar outra área da Administración que se suma á que tiña no ámbito local e provincial. Pero durante os 8 anos anteriores que estiven fóra da política pois creo que tamén adquirín unha experiencia importante, como profesional autónomo, que non todos o poden dicir. Dos candidatos que vai haber á Xunta non todos poden dicir que pa-

no Parlamento e eu estes últimos 20 anos combinei a experiencia pública cos últimos 8 anos como autónomo.

Costou collerlle o ritmo á vida política?

A verdade é que a min a política sempre me apaixonou. Como sempre fixen unha política de proximidade eu creo que iso o aprendín moi ben no mundo local, no Concello, pero practico igualmente esa política de proximidade. De feito cando estiven eses

REUNIÓN COAS XUVENTUTES SOCIALISTAS EN LUGO

José Ramón Gómez Besteiro interveu na apertura da escola de outono das Xuventudes Socialistas de Galicia que tivo lugar na cidade amurallada. Na mesma, trataron os principais asuntos que preocupan á mocidade galega, como os problemas do transporte, o difícil acceso á vivenda, as deficiencias da Universidade e a FP, así como a saúde mental e os trastornos aditivos.





agora é un proxecto esgotado, que confronta con todo o mundo. Polo tanto eu véxoo como perdedores aos dous, un xa o é e polo tanto non se pode presentar en Galicia como gañador e Rueda porque vai ser o perdedor.

Aínda que non hai programa, pode avanzarnos cales serán os principais puntos da programación socialista?

Hai un primeiro que é o eixo da reindustrialización, esta é unha decisión dos socialistas tomada de acordo co Goberno do Estado pero tamén co Goberno de Europa. É dicir, hai que volver a reindustrializar os territorios e para Lugo e Galicia iso é fundamental. Somos un territorio enerxético toda Galicia, temos vento, temos auga, en definitiva somos unha potencia de produción de enerxía. E iso vai vinculado a reindustrializar porque o que nós defendemos a diferenza doutros partidos é que a reindustrialización ten que ir da man de onde se produce esa enerxía e por tanto se Galicia vai producir moita enerxía e está en predisposición de producila ten que recibir os beneficios da reindustrialización. A nós vains dar igual sempre e cando as industrias volvan outra vez para Galicia, entendemos que ten que haber un prezo unitario da enerxía para todos os españois, queremos romper España co prezo da enerxía? Pero si queremos que as industrias veñan para Galicia porque é xusto que es-

tean onde se produce esa enerxía que consume. Date conta que para unha industria máis do 50 % dos custos son custos enerxéticos. Por tanto se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias.

En segundo lugar, a cohesión territorial e social, que vai relacionada

“Se temos enerxía que producimos e a producimos barata, o lóxico é que veñan para aquí as industrias”

coas infraestruturas, coas conexións, Galicia está desconectada e a Xunta en transporte público non fixo nada. Estamos agora cunha crise en transporte público e unha desconexión da Galicia interior co resto. Crecemento intelixente é outra das dinámicas que temos que levar adiante, porque o Crecemento intelixente o que produce son máis empregos e mellor remunerados, que é o que queremos. Nós estamos educando a unha gran parte da mocidade e esa mocidade formada ten que saír fóra de Galicia porque non ten oportunidades para ser contratada aquí no que se formou e por iso temos que loitar

para ese crecemento intelixente. En Galicia vai haber unha aposta importante por esas novas tecnoloxías, a Axencia de Intelixencia Artificial. En definitiva temos todo o posible para xerar ese traballo pero sobre todo que sexan traballos ben remunerados, que son os que atraen, para que esa xuventude non se vaia.

Hai que dar resposta a unha situación que é letal para Galicia que é o envellecemento da poboación. Con respostas máis modernas, máis eficaces, que vaian máis co sentir da vida das persoas maiores de agora que non das de fai 20 anos. Ese ingreso nesas macrorresidencias que creo que non tratan adecuadamente o fenómeno da vellez tal e como o estamos vivindo agora, senón dunha forma distinta, xerando capacidade de crear postos de traballo e unha economía entorno a ese sector. E finalmente, hai unha aposta pola dixitalización que é o que nos vai unir a todos máis, o que nos vai achegar a todos, máis alá das infraestruturas viarias e ferroviarias. Hai que levar ao 100% do territorio de Galicia esa vía que é a Internet, que é a dixitalización, que nos vai permitir tamén traballar en zonas que ata agora pensabamos que non podíamos traballar e levar o teletraballo a zonas que nos vai permitir recuperar poboación. Estes son os eixos, onde non pode faltar efectivamente a gandaría, a agricultura, o sector primario tan importante en Galicia e como non unha visión de Galicia cara ao mundo, cara ao exterior, unha Galicia aberta. Creo que aí non desvelo nada cando o Partido Socialista se vai distinguir das outras forzas políticas por demostrar un proxecto mirando moitísimo máis cara fóra e sen esa tristura dos partidos políticos en Galicia, do Partido Popular pero tamén do BNG, de mirar cara dentro soamente. Nós temos moito que ofrecer, pero tamén temos moito que recibir de fóra das nosas fronteiras e desa visión moitas veces miope que remata en Pedrafita. Eu creo nunha Galicia máis



moderna, máis aberta, máis próspera que é a que vamos enfocar no noso programa electoral.

En caso dunha maioría relativa, podería editarse un pacto co BNG?

Eu creo que si se produce ese cambio é un cambio que vai liderar o Partido Socialista e entorno a iso suma-

“Temos moito que ofrecer e moito que recibir fóra das nosas fronteiras e desa visión miope que remata en Pedrafita”

remos porque unha das virtudes que ten o Partido Socialista é que baixo un goberno progresista si é quen de aglutinar a máis partidos. Eu dicíao a primeira vez que falei no Congreso que rematei a miña intervención que foi para defender o galego, que nós somos capaces de acordar para avanzar, acordar sempre cando sexa para avanzar e prosperar. Aí vai estar o Partido Socialista e eu confío en que ese cambio se vai producir e o vai liderar o Partido Socialista porque si somos capaces de construír un proxecto progresista novo e diferente do que está representando o Partido Popular.

Que lle pode ofrecer o José Ramón Gómez Besteiro a Galicia?

O que pretendo aportarlle a Galicia é que eu e o meu partido supoñan unha aposta de futuro para Galicia, unha aposta de futuro segura, unha aposta de futuro fiable, unha aposta de futuro que sexa conciliadora, que non furgue nas diferenzas, senón no que nos une. E sobre todo ofrecerlle unha aposta de futuro a Galicia sen complexos de ningún tipo, nin nacionalistas nin estatistas. Esa Galicia sen complexos é a que eu quero e espero aportar para Galicia.

Cre que habrá un adiamento electoral?

Eu creo que si, eu creo que ademais a situación de agora do Partido Popular é de certo nerviosismo, estase falando de amnistía e de cousas que ao final a moita xente nin lle importa. A maioría da xente, eu non escoito falar diso, cando os problemas reais de como chega a fin de mes, de como está a cesta da compra, de como conseguimos traballo, de se a xente moza se vai ou non se vai, de que expectativas de futuro hai. Ao final a xente fala do que realmente lle interesa, pero eu creo que si que vai haber un adiamento electoral porque o PP está nervioso e efectivamente o PP ve que o cambio non é algo que perciba só o Partido Socialista, senón que o ve aí e vai intentar loitar contra iso.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS •
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

¡Regalos de Navidad para sorprender!

Si buscas algo especial para regalar tenemos las mejores marcas para que lo encuentres...

EASTPAK • TROIKA • MOLESKINE
LEITZ • PAPERBLANKS • LAMY
WOODMODELS • CICLON • DALVEY
ARTEBENE • FABER CASTELL
LEUCHTTURM1917
PIQUADRO

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Librería Troll

O PP pregunta cando se vai incluír Lugo no programa VioGén


O PP de Lugo afirma que ao Goberno local "se lle acabaron as excusas" para tramitar a adhesión ao VioGén. No pleno deste mes presentan un rogo esixindo prazos para adhesión a este protocolo de protección ás vítimas de violencia de xénero. Aurora Goás considera "unha irresponsabilidade" que a cidade de Lugo sexa a única das sete grandes cidades galegas que aínda non se sumou a este programa de protección ás vítimas de violencia de xénero promovido polo Ministerio do Interior no ano 2017. A popular pregúntase "como pode ser que vaíamos para case 3 anos e sigamos no mesmo punto?" e, por ese motivo, pide explicacións no pleno dos motivos do atraso e que se dea un prazo definitivo para que Lugo se incorpore ao VioGén.

Alerta dunha posible estafa nos controis analíticos da auga

O Concello de Lugo alerta dunha posible estafa nos controis de auga. Varios cidadáns se puxeron en contacto telefonicamente alertando de que "comerciais dunha compañía contratada polo Concello" visitaron os seus domicilios para realizar tomas de mostras da auga de consumo dentro dos mesmos e tomar todo tipo de datos relativos ás persoas que residen nas citadas vivendas. Nin o Concello, nin a empresa Gestagua son responsables desta campaña. Os controis analíticos preceptivos lévanse a cabo de acordo coa normativa vixente por parte dunha empresa acreditada a tal fin e en ningún caso se toman mostras dentro de domicilios particulares, moito menos sen a debida acreditación".

Conversa con Adrián Vigo, músico con parálise cerebral

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Cada 3 de decembro, a UNESCO conmemora o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Querendo superar o enfoque médico-sanitario, o termo discapacidade substitúese na actualidade polo concepto de Diversidade Funcional, facendo fincapé non nos déficits senón nas capacidades da persoa. Por iso, quero aproveitar para entrevistar a Adrián Vigo, compositor e vocalista con Parálise Cerebral.

Nado na Terra Chá (Begonte, 1988), sempre estivo moi vinculado a Lugo onde se formou e se deu a coñecer.

Que discapacidade tes?

Teño recoñecida unha discapacidade física do oitenta por cento como consecuencia dunha lesión cerebral sufrida durante o parto, deixándome secuelas na miña vista e na mobilidade, sobre todo no lado dereito, que está máis afectado que o esquerdo, tanto na perna como na man.

Sempre tiveches moi claro que a música era o teu?

Si, con só tres anos empecei a tocar o piano que lle regalaran ao meu irmán para a súa primeira comunión, ou mellor dito un órgano de oito oitavas, cun dedo da man esquerda.

Tes familiares que se dediquen á música e que che axudaron neste proceso de aprendizaxe?

Si, o meu avó era batería e trombonista. Foi el quen me ensinou as primeiras notas de solfeo. O meu irmán tamén toca a guitarra e canta. Ten un grupo, "Berta Franklin". E ademais, sendo deseñador gráfico, é quen me fai as portadas dos discos, os cartéis... E coma aprendín de for-

ma autodidacta, tocaba coas mans cruzadas. Facía a melodía coa man esquerda e o acompañamento coa dereita.

Pero como tocas o piano se tes unha man afectada?

Cando toco cambio a dicitación, é dicir, se debo tocar cada nota cun dedo, en lugar de usar os dez, toco con tres da man dereita e cos cinco da esquerda. Cambio a numeración dos dedos na técnica do piano.

Por que aprendiches de forma autodidacta?

Porque non fun ao conservatorio ata os 12 anos, idade na que me matriculei no de Vilalba. Alí querían que aprendera a tocar o violín xa que non confiaban en que puidese manexar un instrumento como o piano pola miña falta de destreza nos dedos da man dereita. Pero o violín non me gustaba e saín do conservatorio a metade do curso. Durante un tempo deixei a miña formación musical porque tiven que someterme a varias intervencións cirúrxicas. Ata que fun á Escola de Música do Concello de Rábade onde me ensinaron a tocar o piano moderno. Despois fun ao de Guitiriz e, no ano 2008, asistín á escola privada de música "Aulos" onde coñecín ao meu mentor, o mestre David Taboada, e con el comecei unha longa viaxe. Tamén destaco a axuda que me ofreceu a miña profesora de canto, Janet Salinas, do Centro de Ensino Musical Rossini de Lugo.

Profesor que tamén descubriu outra faceta en ti?

Si, ademais de tocar, David descubriu que eu compoñía cancións. Mostreille unha das miñas composicións e gustoulle tanto que me pediu que a gravase.

Que canción era?

"O corazón dunha estrela". E así, empecei a compoñer máis e a gravar



o meu primeiro disco en 2015: "Profunda Amistad". Un disco feito moi artesanalmente sen outros músicos que non sexan os propios Adrián e David, pero que consegue vender máis de mil copias.

No segundo, "Reflejos", buscamos un son máis profesional, xunto co produtor Xabier Vizcaino e os arranxos do propio David Taboada. Neste traballo contei coa colaboración da cantante Lucía Pérez, coa que lle agradezo moito a súa participación.

Á hora de compoñer, en que te inspiras?

Adoito inspirarme moito na natureza e cando quero moito a alguén adoito dedicarlle unha canción. Son moi romántico, aínda que hai letras que fan referencia a pensamentos moi introspectivos sobre a amizade, a superación persoal ou o amor á 'terriña'.

E que estilo teñen as túas composi-

cións musicais?

O meu repertorio é moi variado: pop, rock, cancións galegas... e sobre todo baladas, aínda que estou empezando cos sons latinos, como a bachata.

O pasado mes de xuño, saíu o teu último disco?

Si, "A estrela que me guía", un disco dedicado a meu pai, falecido hai catorce anos, e no que intento facer un recompilatorio dos meus vinte anos de traxectoria, acompañado unha vez máis por David Taboada, o seu produtor e profesor, e unha banda composta por: Tania Capón ao violín; Charly López ao baixo; Borja García á batería e Álvaro Villamarin á trompeta.

A túa traxectoria foi un camiño de obstáculos?

Certo que non foi un camiño doado. Atopei múltiples negativas: desde o conservatorio, ata cando trataba de cantar as miñas cancións nunha orquestra porque non daba unha imaxe axeitada. Ter que sentarse é unha gran limitación para moitas delas. E tampouco lles podo botar unha man noutras cousas, como montar o escenario. Algún concello contratoume, ademais do meu. O de Lugo é o que máis me axudou.

Agora estás cantando en concertos solidarios como foi o do 17 de novembro no Auditorio "Gustavo Freire", colaborando coa asociación "Somos Contra o Cancro", pero no futuro que che gustaría facer?

Agora estou cun produtor dominicano, Robert Frías, que tamén ten a súa propia academia, Estudio Música Lugo, que é tamén un estudo de gravación. Para min non hai barreiras que non sexan as que eu me poña. E eu me propoño subir tres chanzos na miña carreira profesional: un, tocar nun gran auditorio da cidade da Coruña; dous, actuar en Madrid, a que nunca fun; e tres, gravar outro disco co pulo de alguén como Robert.



Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quirioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro

Montero Rios, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es




Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es




Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas



Aspnais recibe da Xunta un vehículo adaptado

A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fíxolle entrega a ASPNAIS dun vehículo adaptado para que poidan mellorar os servizos e o transporte dos usuarios nos seus centros. Durante o acto explicou que esta furgoneta concédese no marco da orde de axudas a entidades sociais por valor de 3,6 millóns de euros para a compra de vehículos.

A directora xeral concretou que foron preto de 80 as entidades sociais de toda Galicia as que resultaron beneficiadas desta orde de axudas e que puideron solicitar de forma anticipada a subvención para a adquisición do vehículo. Así mesmo, lembrou o compromiso do Goberno galego co tecido asociativo para poñer a disposición de todas as persoas con discapacidade e das súas familias os mellores servizos e prestacións.

SOCIEDADE MICOLÓXICA



A Sociedade Micolóxica Lucus entregou o seu premio Cogomelo Lucus 2023, no transcurso dun acto de confraternidade. Recibiron o Cogomelo Lucus 2023 José Ramón Pato Vicente ex aequo con Jorge Santoro de Membiela, "como activos membros no desenvolvemento de históricas asociacións micolóxicas galegas, polo seu compromiso na difusión e avance do coñecemento micolóxico".



proyecto

construcción

reforma

interiorismo

PROYECTOS CONSTRUCTIVOS **RÍO MIÑO S.L.**
Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com

occhipelle@gmail.com telf: 609 80 26 48

A Deputación achega 370.500 euros á USC pero con condicións

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 370.500 euros á USC para seguir potenciando o Campus de Lugo.

Un acordo que, en palabras do mandatario provincial, "servirá para impulsar a excelencia formativa do Campus e para afianzar o carácter universitario da nosa provincia" con "actividades de investigación e transferencia de coñecemento, accións que poñen en valor os nosos recursos naturais e medioambientais, a potenciación do galego como lingua da comunicación e da divulgación científica, ou a mellora das infraestruturas universitarias".

Neste sentido, o presidente concretou que no acordo contémpanse unha partida de case 135.000€ para a redacción do proxecto básico e de execución da nova Facultade de Formación do Profesorado, que se levantará en terreos que tamén cedeu gratuitamente a Deputación de Lugo o ano pasado. Son 7.500 m² nunha parcela situada ao carón da Facultade de Humanidades.

Subliñou José Tomé que o convenio é unha "das numerosas liñas de colaboración que mantemos coa Universidade de Santiago, que no seu conxunto supera amplamente o millón de euros ao ano, e que nos sitúa como a Deputación de España que máis recursos económicos achega ás



universidades públicas".

José Tomé mostrou a súa preocupación pola polémica xurdida nos últimos días en torno ás titulacións do Campus, e, con contundencia, advertiu que "a Deputación de Lugo estará moi vixiante na defensa práctica do Campus Terra", vinculando a continuidade do convenio asinado a que se manteñan as titulacións. Así mesmo, o Goberno provincial levou unha iniciativa ao Pleno, que foi aprobada, para reivindicar a permanencia de graos "emblemáticos" do Campus.

GRUPO DE TRABAJO. O goberno da Universidade acordou a conformación dun grupo de traballo co obxectivo de elaborar unha proposta integral de titulacións para a escola. Este grupo estará conformado por membros do goberno da institución, da dirección da escola, así como do Campus Terra.

Esta proposta de actuación xorde como resposta a unha situación de incerteza sufrida na última década, logo da entrada en vigor do

decreto autonómico 222/2011 que regula as ensinanzaas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Este contexto normativo, afectado de xeito directo polas previsións contidas no Plan de Financiamento, impón condicionantes específicos para as titulacións dos campus periféricos, obrigando a unha reformulación individual da oferta e impedindo, en moitas ocasións, unha reflexión sosegada que evite tomar decisións precipitadas considerando que a opción interuniversitaria significa optimizar a oferta en todos os casos cando algunhas das últimas experiencias de implantación non o demostran así.

Acordaron a revisión do actual mapa de titulacións (tanto títulos existentes como propostas de novos graos e mestrados) co obxectivo de poder propoñer esta reflexión integral e dar unha resposta adecuada a unha situación que afecta non só ao ámbito formativo, docente e investigador, senón a campo galego no seu conxunto.

Os comercios ofrecerán vales de aparcadoiro de balde aos seus clientes

Estacionamentos Lucenses S.L., titular do aparcadoiro da rúa Ánxel Fole, e a Asociación Lugo Monumental asinaron un convenio cuxo fin último é mellorar a accesibilidade ao centro histórico da cidade mediante a práctica de regalar horas de aparcamento aos clientes dos establecementos asociados.

Para a Asociación é vital "mellorar as posibilidades de que os establecementos poidan ofrecer horas aos seus clientes por unha determinada compra mínima (que cada local fixará de acordo aos seus propios criterios) e así vencer as posibles reticencias que os lucenses poidan ter para acudir ao centro histórico". "Cabe destacar que este convenio asinouse co aparcadoiro máis am-

plio, máis cómodo e con mellores accesos do recinto amurallado e a Asociación agradece a Estacionamentos Lucenses a súa vontade de colaborar co tecido empresarial do centro histórico", subliñan.

Esta primeira experiencia contará coa participación dun mínimo de 25 locais que, para a próxima campaña do Nadal, entregarán aos clientes que estacionen no aparcamento da rúa Ánxel Fole os vales de aparcamento que consideren convenientes aplicando as súas propias políticas comerciais. Os vales son acumulables, polo que unha persoa que faga as súas compras en varios establecementos adheridos á campaña poderán obter non unha, senón varias horas.

O PP de Lugo propón os bonos desconto para incentivar a compra local

O PP propón bonos de descontos para incentivar as compras no comercio de proximidade. A concelleira popular Cristina Sanz pide apoiar ao comercio local cun programa de acción permanente que pivota sobre catro eixos e que servirá "para dinamizar o sector e fomentar o emprego local". No plan de apoio ao comercio local os populares propoñen establecer un programa de bonos para consumir nos comercios de sempre de Lugo; en segundo lugar instan a poñer en marcha de axudas destinadas ao relevo xeracional.

Os populares tamén queren que se ofrezan compensacións económicas ou bonificacións fiscais aos establecementos prexudicados polas obras que se están desenvolvendo no casco histórico e que acumulan retrasos o que causa prexuízos económicos importantes pola perda de clientela.

“O prazo para reclamar os gastos hipotecarios remata en xaneiro”

Salvatierra Avogados é un despacho en Lugo especializado en dereito bancario, concretamente na xestión da devolución dos gastos hipotecarios

Cando nace e que é Salvatierra Avogados?

O Despacho de avogados Salvatierra nace no 2007, especializado na prestación de servizos tanto a empresas como a particulares. Temos experiencia en varias áreas do dereito polo que prestamos un servizo integral a cada un dos nosos clientes. Somos capaces de ofrecer solución aos problemas xurídicos, dúbidas ou consultas que os nosos clientes nos expo-

ñen, dunha forma rápida, económica e eficaz.

Onde podemos atopalos?

A nosa sede principal está en Lugo, en San Roque 14-20, no entresollado pero contamos tamén con despachos na Mariña situados en Foz e Viveiro.

Que servizos ofrecen?

Traballamos tanto dereito laboral como de familia ou contencioso administrativo. Tamén ao longo da nosa traxectoria profesional re-

solvemos con éxito a anulación e a recuperación de investimentos en produtos bancarios; especializámonos nas novas áreas do dereito como é o caso do dereito bancario. Esta especialidade ocúpase das normal xurídicas que regulan ás institucións de crédito e as súas operacións, así como ao conxunto de relacións que manteñen cos usuarios de banca e dos seus servizos.

Dentro do dereito bancario, contan con algunha especialización?

No ámbito do dereito bancario actualmente estamos especializados na xestión da devolución dos gastos hipotecarios.

Quen se pode acoller a esta reclamación dos gastos hipotecarios?

Todas aquelas persoas que adquiriran un inmovible como vivenda antes do ano 2019 poden reclamar estes gastos hipotecarios.

Que tipo de gastos son os que se poden reclamar?

Dentro dos gastos hipotecarios que se poden reclamar atópanse aqueles derivados da taxación, xestoría, pago da notaría e rexistro



da propiedade que os particulares tiveron que pagar cando firmaron a hipoteca e que a entidade bancaria debe devolver. Ademais dos gastos hipotecarios o banco está obrigado a pagar os intereses correspondentes, independentemente do tempo transcorrido.

“Todas as persoas que adquiriran un inmovible como vivenda antes do 2019 poden reclamar os gastos hipotecarios”

Existe un prazo concreto para realizar esta devolución?

Si, o prazo para que as persoas interesadas reclamen os gastos hipotecarios remata en xaneiro do vindeiro ano, 2024. Por iso é moi importante comezar os trámites

canto antes. Dende Salvatierra Avogados axudamos e facilitamos todos os trámites e solventamos calquera dúbida que poda aparecer durante o proceso. No caso de non atopar a documentación necesaria contamos con diferentes opcións para conseguila e axudamos a todos os nosos cliente a reunila.

Pódense reclamar os gastos de máis dunha hipoteca?

Si, tanto se a hipoteca se constituíu sobre unha vivenda habitual como sobre outro tipo de residencias non importa, os clientes están no seu dereito de reclamar os gastos de todas e cada unha das hipotecas que teña.

E si xa se cancelou a hipoteca?

Neste caso a cancelación non afecta xa que a cláusula é nula, polo que no hai prescripción para solicitar a súa nulidade e o único necesario sería acreditar os gastos que houbo cando se constituíu a hipoteca.



O Concello presenta as bases para as ofertas de emprego público

A Mesa de Negociación do Concello de Lugo vén de aprobar, por unanimidade das forzas presentes na mesma (CC.OO, CSIF, CIG, UXT e SPPLB, esta última sen dereito a voto), as bases xerais que rexerán as Ofertas de Emprego Público.

Así o anunciou o responsable da área de Persoal, Pablo Permuy quen sinalou que “a excepción do sindicato AFI-USO, que se desmarcou deste proceso dende o inicio a pesar de que o obxecto da reunión non gardaba relación coas reivindicacións que esgrimía o colectivo, o resto da representación do persoal municipal avala o documento acadado no que, entre outros aspectos, se recollen os contidos mínimos que deben figurar nas diferentes probas, as súas modalidades e desenvolvemento, o sistema selectivo, os requisitos a cumprir polos aspirantes e as materias”. O acordo chegou despois de dúas

xornadas de debate, “para acadar un documento amplo, moi completo e colaborativo que será, sen dúbida, unha ferramenta de gran utilidade á hora de afrontar a cobertura das prazas recollidas nas OEP’s e de dotar de recursos humanos á Administración local na procura dunha maior eficiencia da Institución de cara á cidadanía”, sostivo o edil.

O obxecto destas bases xerais é a regulación do procedemento xeral para o acceso en propiedade ás prazas vacantes de funcionarios de carreira e persoal laboral, tanto en quenda libre como de promoción interna que están incluídas nas ofertas de emprego público do Concello a razón de 26 prazas dentro da OEP de 2021 (18 en quenda libre e 8 por promoción interna) e 35 na de 2022 (32 de promoción libre e 3 de promoción interna), mentres se elabora a de 2023.

O viveiro da Tinería renóvase

Un taller de artesanía, outro de deseño e confección de traxes de noiva, un laboratorio de análise de augas, un estudo de uñas, unha tenda de produtos personalizados e un establecemento especializado en bicicletas ocuparán os seis locais comerciais de titularidade pública en réxime de alugueiro, cunhas condicións moi vantaxosas, no viveiro municipal da Tinería. Trátase da segunda edición desta iniciativa, posta en marcha por primeira vez no 2018.





¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

Servicios relacionados con el Kit Digital:

- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarría (Lugo)

© Melles López W3M, S.L. - I-347-621.29.12.82 - www.altend.com






O Goberno de Lugo reclama á Xunta investimentos para o colexio da Ponte

O Goberno de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que efectúe os investimentos necesarios no colexio da Ponte. Nunha xuntanza da Comisión de Infraestruturas, na que o grupo do Partido Popular reclamou unha serie de actuacións no centro, “que requiren de investimentos, e polo tanto corresponden á Xunta”, explicou o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas.

O concelleiro de Infraestruturas explicou que “no caso dos colexios públicos, o Concello de Lugo é responsable das pequenas actuacións de mantemento, mais os investimentos e as melloras das instalacións corresponden á Xunta de Galicia”.

O Goberno de Lugo trasladará as actuacións necesarias neste centro para garantir as mellores condicións para o estudantado e o profesorado. Alexandre Penas declarou que “agardamos que o PP de Lugo reclame tamén ao Goberno Galego que execute estas actuacións no menor prazo de tempo posible”.

O Concello creará en San Fiz tres novos espazos deportivos

O Concello anunciou a posta a disposición da veciñanza de tres novas instalacións deportivas na contorna de San Fiz. Na actualidade este espazo, que no ordenamento municipal urbanístico prevese como solo dotacional, conta cun campo de rugby e outro de fútbol que serán acondicionados por parte do Goberno local para que poidan acoller a práctica deportiva. Ademais, existe un terceiro espazo no que a concellería de Deportes plantexa habilitar un campo de Béisbol e Softball.

“Este proxecto está a desenvolverse en contacto permanente co tecido deportivo da cidade, neste caso, cos clubs das disciplinas implicadas na instalación de rugby e na futura de béisbol. Ademais, o campo de fútbol será habilitado para a práctica de fútbol sete, dese xeito contribuímos a cubrir a alta demanda que existe na nosa cidade para acoller partidos desta disciplina debido ao elevado número de equipos e categorías existentes”, asegurou Bustos.

Explicou que o primeiro será dotar de infraestrutura sanitaria aos campos para a correcta práctica deportiva e fomentar o bo uso dos recintos.

As obras da nova estación de autobuses intermodal darán comezo na primavera

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, salientou a licitación por 20 millóns de euros das obras da estación intermodal de Lugo, que cualificou como un “proxecto agridoce” que precisa dun reforzo dos servizos estatais para que a cidade se incorpore, tamén, “ao mapa da alta velocidade ferroviaria”.

Vázquez Mourelle, acompañada do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, presentou o proxecto da nova estación de autobuses e do aparcadoiro subterráneo coincidindo coa licitación das obras, que xa está recollida na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A conselleira subliñou que a Xunta dá o paso definitivo para construír a estación intermodal de Lugo, como gran centro de transporte público no que sexa posible pasar do autobús ao tren en apenas 2 minutos, desde unhas instalacións modernas e accesibles, dotadas, ademais, dun gran aparcadoiro subterráneo.

Ethel Vázquez avanzou que a intención da Xunta é iniciar as obras a vin-



deira primavera, construíndo unha nova terminal de autobuses integrada na estación de ferrocarril, cun total de 23 dársenas -18 para viaxes e 5 de regulación- e un edificio de servizos aos viaxeiros á mesma cota, preparada para albergar uns 620.000 viaxeiros cada ano.

Explicou que o Goberno galego asume, tamén, o compromiso de construír un aparcadoiro subterráneo con 240 prazas, 8 delas para persoas con mobilidade reducida, que responden a unha necesidade da estación de ferrocarril e da propia cidade. O aparcadoiro ten un orzamento

de 11,4 millóns, dos cales a Xunta achega 4,3, un esforzo que segundo apuntou a conselleira se suma ao que xa leva implícito a contratación das obras por case 20 millóns, e que sumando ás asistencias técnicas, eleva o investimento a practicamente 21 millóns de euros.

Deste xeito, tal e como lembrou Ethel Vázquez, facilitouse tamén o financiamento da intermodal: cunha achega autonómica de 12,8 M€, incrementando un 50 % máis do que correspondería por competencias en autobuses.

A intermodal de Lugo complétase

cos traballos na estación de ferrocarril, que inclúe un novo edificio e un paso inferior e a integración urbana, a construción dun novo paso de cidade, un paso inferior peonil entre o centro urbano e o parque Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados das vías vertebrando a cidade. Segundo informou Ethel Vázquez, as empresas interesadas no contrato que se licitou hoxe teñen ata o vindeiro 10 de xaneiro para presentar as súas ofertas a estas obras, que teñen un prazo de execución de 25 meses.

A conselleira asegurou que a Xunta cumprirá o seu compromiso de crear un intercambiador de transporte público no espazo da actual estación, así como de traballar para que siga a ser un centro de actividade social e comercial.

A titular de Infraestruturas e Mobilidade engadiu, ademais, o deber de traballar xuntos na defensa dun reforzo dos servizos ferroviarios que lle dea auténtico sentido á construción da estación intermodal e ao gran esforzo investidor que leva aparelado.



Abre no Castiñeiro a nova área infantil

As familias do Castiñeiro dispoñen xa dunha renovada área infantil, con rocódromo e tirolesa. O parque, que incrementou a súa superficie en 250m2, conta con elementos inclusivos, tamén para nenos e nenas con trastorno de espectro autista.

O recinto contempla, ademais, espazos para a convivencia interxeracional entre os que figura a área de pícnic, respectando as demandas das familias.

Nas novas instalacións os máis pequenos poderán gozar de tres xogos principais, entre eles dúas torres di-

ferenciadas por idades, unha para os pequenos e pequenas de ata 5 anos e outra segunda pensada para o goce de nenos e nenas de ata 12 anos, así como un rocódromo e unha tirolesa, esta última a petición dos usuarios. Ademais, estes xogos son inclusivos, para permitir a socialización pero tamén adaptados para nenos e nenas con distintas capacidades. Incluíronse, así mesmo, elementos de abalo para uso individual e grupal, así como asentos xiratorios con deseño especial para crianzas con trastorno do espectro autista.

O Plan Xeral entra en vigor logo de dez anos

O total do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo entrou en vigor, tras un longo e farragoso procedemento de tramitación administrativa.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciaba a exposición pública do texto no Boletín Oficial da Provincia. “É, por tanto un día histórico para o municipio, que suporá un antes e un despois para o noso crecemento racional e sustentable porque, por fin, permitirá o desenvolvemento de todo ese chan que arrastraba máis dunha década de incertezas administrativas, freando o aproveitamento do territorio, dunha forma moi significativa no ámbito rural, pero tamén coartando a súa expansión industrial”, subliñou a rexedora.

“Finaliza así a ordenación urbanística da totalidade do ámbito territorial de Lugo que non fora obxecto de aprobación en 2011 (un total de 70 núcleos rurais das parroquias de Teixeira, Mazoi, Santa María de Muxa, San Salvador de Muxa, San Pedro de Muxa, Tirimol, Ombreiro,

Vilachá de Mera, Adai, Pedreda, Santa María de Bóveda, Alta, Alto, Piúgos, Esperante, San André de Castro, Coeo, Coeses, Lamas, Mera e Piñeiro) o que permitirá, só no rural, o desenvolvemento de 915.000 m2 de solo urbanizable delimitado e doutros 985.000 m2 de chan urbanizable delimitado periurbano cunha capacidade de uso residencial para 7.750 vivendas, das que un 35% serán públicas”, engadiu Lara Méndez.

OFICINA. O Concello puxo en marcha un servizo de atención técnica destinado a resolver todas as dúbidas que a cidadanía teña con relación ao Plan Xeral de Ordenación Municipal. O servizo dispensarase os martes, en horario de 9.30 a 11.30 horas.

As persoas interesadas en realizar calquera consulta sobre o planeamento local poderán concertar previamente a súa cita a través do teléfono 982 297 317 e recibirán un asesoramento específico sobre aqueles aspectos do documento.

Continúa en Recatelo o proceso de peonalización cunha nova fase

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxó, e o concelleiro Alexandre Penas, responsable de Infraestruturas Urbanas, visitaron o barrio de Recatelo, onde están a avanzar os traballos da segunda fase da renovación integral da rúa Isaac Díaz Pardo, nos que o Goberno de Lugo inviste 102.767,31 euros.

Alexandre Penas explicou que “avanzamos coa renovación integral de Recatelo, completando a zona peonil que comunica o centro da cidade co Parque de Rosalía, e mellorando as instalacións públicas e a calidade de vida das veciñas e veciños”. As obras que se están a executar e que durarán tres meses consisten no segundo treito da obra, situada entre as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, “un treito que por cuestións orzamentarias non puido incluírse na primeira fase das obras”, explicou o concelleiro de Infraestruturas.

Así, estase a renovar o saneamento



e a recollida de augas pluviais, ademais das instalacións de alumeadado e telecomunicacións, e a nova pavimentación dará continuidade aos treitos xa peonalizados na primeira fase, e instalarase tamén novo alumeadado público.

Penas lembrou tamén que a Tenencia de Alcaldía continuará nos vindeiros meses realizando actuacións no

barrio, como a renovación do Carril dos Loureiros, tal e como se acordou coa veciñanza, onde se habilitará unha plataforma única “que nun futuro poderá ser peonil”, ademais da renovación do muro de Frei Plácido Rei Lemos, que foi apuntalado a finais do ano pasado, e do que se realizará unha actuación integral de renovación.

A veciñanza da Milagrosa solicita dous pasos de peóns

A Asociación de Veciños da Milagrosa de Lugo fixo chegar ao Concello unha serie de demandas baseadas en queixas veciñais con motivo da falta dun paso de peóns na intersección da avenida da Coruña coa rúa Río Narla, no cruzamento que vai cara á Avenida Reverendo José Fernández. Tamén os veciños da rúa Río Cabe pediron un paso de peóns na devandita rúa á altura do número 20, dado que nesa rúa só existe un paso de peóns no cruzamento coa rúa Perpetuo Socorro e outro coa Rúa San Lorenzo.



CORREOS. Xa volveu ao seu lugar a figura do carteiro na fachada do edificio de Correos da rúa San Pedro. Trátase dunha figura emblemática para a cidade amurallada, símbolo cultural lucense dende hai anos e unha das máis representativas para os turistas, que acudían ao lugar para ver como a figura saía a dar as horas ao ritmo da súa corneta.

ESTADO DAS OBRAS DO CENTRO

O concello de Lugo acolleu unha sesión plenaria extraordinaria solicitada polo PP para tratar o tema das obras do centro histórico.

Durante o mesmo o Concello deu conta do estado das obras actuais, comezando pola zona da porta da Muralla, Bispo Odoario e praza de Ferrol. A previsión é continuar pola rúa Montevideo desde Ramón y Cajal cara a Rúa N

ova unha vez que estea formigonado o anaco que falta diante do hospital Quirón e que se poida permitir o paso de vehículos por encima para dar acceso ao hospital, ao IES Xoán Montes e ao aparcadoiro de Vía Romana desde Bispo Odoario.

Á vez, continuarase co recheo e canalizacións de Quiroga Ballesteros e Amor Meilán, así como as escavacións, canalizacións e recheo da rúa Ramón y Cajal en dúas metades.

PRAZA DE FERROL. Continuarase co formigonado no carril de San Fernando no que se está traballando, para posteriormente poder pavimentar. En principio, salvo que resulte imprescindible ou altamente conveniente por xurdir algún condicionante durante a execución, non se prevé cortar a porta de San Fernando para dar saída ao tráfico de vehículos.

Unha vez finalizada a colocación de pavimento na Praza Ferrol (zona diante de Caixa Bank e entrada-saída do aparcadoiro municipal), poderase desviar o tráfico por esta zona recentemente executada para saír por San Fernando e poder así pechar ao tráfico na zona comprendida entre o cuartel de San Fernando e a Igrexa de San Froilán co fin de poder realizar as demolicións que faltan nesa zona, acometer servizos e pavimentar.

Prevese abrir a Porta Falsa, de tráfico peonil, nos próximos días, unha vez que se retire o bypass de auga

que se puxo de maneira provisional.

PRAZA DE SANTO DOMINGO E RÚA TEATRO. Comezouse co carril de subida de Teatro (Fase 1), pero foi necesario resolver certas cuestións como a aparición duns restos arqueolóxicos na zona superior da rúa Teatro, o redimensionamento da cimentación dos farois, a conexión dalgunhas acometidas e a confirmación do trazado dalgunhas canalizacións de compañías privadas, debido ás limitacións existentes polas cotas dos diferentes servizos e o reducido espazo de traballo. Para poder avanzar mentres se resolvían estas cuestións, a empresa construtora propuxo ao Concello e á dirección de obra comezar a demoler nunha zona correspondente á Fase 3, por diante do restaurante Goiko e de Calzedonia, o que foi aceptado e está nestes momentos en execución (demolición realizada e canalizacións en marcha).

Igualmente o contratista propuxo ao Concello a posibilidade de comezar, de forma complementaria e en paralelo aos tallos abertos, a realizar a demolición e canalizacións nun carril e beirarrúa do tramo comprendido entre Armañá e Raíña, deixando un carril de paso. O Concello está a elaborar o Plan de Tráfico correspondente.

O proxecto contempla a realización dun estudo estrutural do forxado do aparcadoiro existente en Santo Domingo para determinar a capacidade portante do mesmo, co obxectivo de verificar se pode soportar a circulación de vehículos prevista. O calculista informou que o estudo preliminar non é concluínte e foi necesario realizar unha nova toma de mostras recentemente, polo que se está á espera de recibir o estudo determinante.



NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACIÓN Y RECUPERA TU SALUD

- Sobrepeso / Obesidad
- Alergias e intolerancias alimentarias
- Colesterol / Hipertensión / Diabetes
- SIBO
- Nutrición deportiva
- Nutrición Infantil

C/ Armanyá 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - • Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com





FLORISTERÍA ROSE FLOR

Tenemos todo lo que necesites para esta Navidad!

FELICES FIESTAS

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

O Concello substitúe tres desfibriladores destrozados

O Concello de Lugo ultima a substitución de tres desfibriladores que foron vandalizados no barrio da Milagrosa, concretamente na avenida da Coruña, nas inmediacións da rúa San Lourenzo, e na rúa Divina Pastora; así como na praza de Campo Castelo. Así o avanzou a concelleira de Benestar Social, Olga López, quen subliñou que “estamos a tramitar o seu reemplazo para que antes de final de ano volvan estar dispoñibles ante unha situación de emerxencia, nas súas respectivas situacións”.

Durante o verán, a empresa encargada do mantemento dos desfibriladores realizou unha profunda revisión e elaborou un informe detallado de cada un dos 67 aparellos instalados polo executivo de Lara Méndez nas diferentes instalacións municipais, así como en espazos públicos da cidade, para comprobar o seu correcto funcionamento. “Este informe, que foi entregado ao Concello a comezos de outubro, fai referencia á carencia dos tres desfibriladores referidos, así como algunha incidencia menor que quedará arranxada nas vindeiras semanas”, detallou a edil.

“Unha vez feita a revisión, seguindo o decreto de desfibriladores da Xunta de Galicia, déronse de alta como corresponde no rexistro do 061, notificando a localización dos mesmos, de maneira que sexan incorporados á ferramenta de mapeo da que dispón o Sergas para coñecer a situación de todos os desfibriladores que hai na comunidade”, indicou Racamonde.

A concelleira subliñou, así mesmo, que se vai cambiar a situación do aparello instalado Augas Férreas, que pasará a outro punto da praza.

Abriu o PAC nas novas instalacións da Residencia

Comezou a funcionar o PAC no novo centro da Residencia para atender todas as urxencias extrahospitalarias.

O servizo non suporá máis que un cambio de situación e instalacións, xa que manterá o seu horario habitual de 15.00 horas a 8.00 horas de luns a venres. As fins de semana comezará o servizo ás 15.00 horas do sábado para prestarse de forma ininterrompida ata as 8.00 horas do luns.

Os sábados pola mañá, o PAC funcionará de novo no centro de saúde de Fingoi, que co cambio de hoxe recupera a súa fórmula orixinal de centro de saúde convencional.

O novo PAC forma parte do CIS, o complexo dotacional, que abrirá paulatinamente os seus servizos nas próximas semanas. Este en



particular terá o seu acceso pola fachada traseira do edificio que antes era o Materno, pola rúa Serra de Outes. O próximo en abrir podería ser o centro de saúde, durante o mes de decembro, que tamén será o encargado de abrir o servizo de PAC os sábados pola mañá.

BARRIO DA TINERÍA



A Xunta colaborará coa asociación Traxandaina para impulsar un centro de interpretación do traxe tradicional galego na rúa do Miño. A asociación poderá utilizar un local cedido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para que poida ser empregado como espazo expositivo. O local esta situado a escasos metros da oficina de turismo e o Centro de interpretación do Camiño.

Multas para vehículos que accedan ao centro sen permiso

A Alcaldía de Lugo, en coordinación coa Policía Local vén de poñer en marcha un dispositivo especial para constrinxir ao mínimo imprescindible o paso do tráfico rodado ao Centro Histórico. A medida obedece á petición da Asociación Barrio Centro para tratar de minorar o impacto que estaba tendo sobre as zonas peonís o paso de turismos, mellorando, así mesmo, a seguridade viaria en toda a contorna.

Durante o último encontro que a mandataria lucense mantivo coas persoas representantes do colectivo estas lle trasladaron a súa percepción do incremento do número de persoas que empregan o recinto amurallado como un atallo e solicitaron que

o acceso se restrinxa ao estritamente necesario.

O dispositivo de vixilancia consistirá na realización de controis aleatorios aos turismos que circulen intramurallas, atendendo aos diferentes accesos existentes e á finalidade coa que foron habilitados polo Concello, ao tempo que avanzou o cambio da sinalización actual por outra de maior tamaño e máis esclarecedora.

Os primeiros días as indicacións terán carácter de advertencia pero, posteriormente, a Policía Local poderá aplicar sancións que alcanzan os 80 euros en aplicación á normativa de seguridade viaria por non respectar as prohibicións establecidas.

Volven as protestas polo estado do aparcadoiro do HULA

O aparcadoiro gratuito do HULA, coñecido como Leirapárking, volve estar nunha importante situación de deterioro despois de ter sido arranxado o ano pasado.

O aparcadoiro ten unha extensión de 5.020 metros, un total de 360 prazas de estacionamento entre a parte frontal e a traseira. Unha análise establece que acolle, cada día, 2.520 horas de estacionamento gratuito, un total de 604.800 horas nos 240 días hábiles do ano.

De novo, o chan está cheo de fochancas causadas polo uso continuado dos vehículos combinado coas chuvias intensas das últimas semanas.

Ademais as queixas cidadáns céntranse no estado dos bordos e separacións onde crece sen control a male-



Rueda comprométese con Méndez a continuar coas infraestruturas pendentes

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez e o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuníronse na sede da Xunta. O mandatario galego reafirmou nesta sesión o seu compromiso coa mellora das infraestruturas da cidade de Lugo, no ámbito de competencia autonómica, e solicitou ao Concello colaboración á hora de tramitar proxectos conxuntos.

Rueda cualificou a reunión de “cordial” e considerou positivo que a Administración autonómica e a local poidan sentarse para abordar conxuntamente asuntos de interese para os lucenses como as infraestruturas, a vivenda, a sanidade ou os equipamentos deportivos e culturais.

No ámbito das infraestruturas, o presidente reafirmou o compromiso do Goberno galego coa cidade amurallada, que se reflicte en iniciativas como a estación intermodal ou a rolda leste. Sobre a primeira, precisou que está previsto licitar en cuestións de días a estación de bus, para a que hai reservada unha partida de 5,75 millóns de euros nos orzamentos do próximo ano, ao mesmo tempo que fixo referencia á achega autonómica

de case o 40% dos costes para facer tamén o aparcamento.

“É unha demostración da colaboración das administracións: Adif, Concello de Lugo e Xunta”, salientou Rueda, ao mesmo tempo que puxo o acento na necesidade de “seguir unindo forzas e reivindicando ao Goberno central a necesidade de que, se imos facer unhas instalacións ferroviarias e de transporte por estrada e intermodalidade de primeira categoría, tamén Lugo merece ter unhas conexións ferroviarias que estean á altura, empezando pola chegada da alta velocidade”.

En canto á rolda leste, insistiu en que o compromiso da Xunta é firme, tal e como reflicten os 5 millóns de euros reservados nas contas de 2024, e en que se seguirá buscando o máximo consenso, fundamental para unha infraestrutura tan relevante.

En canto ao plan Paradai, o presidente da Xunta de Galicia indicou que a alcaldesa lle trasladou que os problemas do Concello coa Confederación Hidrográfica parece que xa se solucionaron, polo que a Xunta vai poder executar finalmente eses 500.000 euros consignados.



za e tamén está cheo de suciedade con botellas de plástico, máscara e todo tipo de lixo.

A finais do ano pasado a Federación de Asociacións veciñais Lucus Augusti solicitou tamén o seu arranxo pola mesma razón xa que o mal es-

tado do mesmo provoca danos nos vehículos que o utilizan. O tipo de chan que ten e o desgaste do uso combinando coas choivas provocan o seu continuo deterioro polo que se require unha actuación continuada no mesmo.

Presentado o proxecto para os barrios da Milagrosa e Feijóo

O Concello presentou o proxecto para poder declarar A Milagrosa e o Barrio Feijoo como ERRP, Entorno Residencial de Rehabilitación Programada.

En primeiro termo, a alcaldesa trasladou a información sociolóxica máis relevante vinculada ao estudo destas zonas, así como a información relativa ao parque de vivendas que son susceptibles de mellorar energeticamente en todo o ámbito e o número de propietarios que estarían dispostos a realizar obras deste tipo canalizadas a través da obtención de fondos públicos que sufraguen parte do custo deses traballos.

A mandataria lucense, sinalou, primeiramente, que “tras un amplo proceso participativo e ante o interese detectado, procedeuse a modificar a delimitación do ERRP que se dividiu en dúas áreas, conectadas a través da intersección que se xera na confluencia da avenida da Coruña coas rúas Menorca e San Lourenzo”. “De maneira que se amplía a delimitación para o barrio Feijoo, incorporando ao mesmo as illas que deixaban fóra inicialmente edificacións

que poderían ser perfectamente obxecto de rehabilitación e aumentando tamén o ámbito na contorna da rúa Perpetuo Socorro, usando en todo o seu trazado a marxe esquerda da Avenida da Coruña por entender que todas as edificacións situadas neste lado forman parte do barrio, xa que moitas delas teñen fachada tamén á rúa Luís Seoane. Incorporáranse, así mesmo, as rúas Mallorca e Menorca vinculadas ao barrio dende o seu nacemento. Mentres que o resto do trazado mantense basicamente como figuraba na proposta inicial”, relatou.

En total, en todo o ámbito computáronse 1.025 edificios, dos que 931 teñen como uso principal o residencial, o que supón o 90,84%, e tan só 94 figuran adscritos a outras utilidades. Ao longo da análise realizada visitáronse 86 edificios, dos cales, a propiedade de 69 estaría interesada en realizar melloras nos seus inmobles, alcanzando a un total de 353 vivendas. As catro intervencións proxectadas no espazo público superan os 10 millóns de euros

A rexedora indicou que, “a este res-

pecto, se recollen catro actuacións moi concretas coas que se persegue o obxectivo de acompañar a rehabilitación do patrimonio edificado con outras accións moito máis ambiciosas que redunden nunha rexeneración urbana integral da Milagrosa e o barrio Feijoo”.

“Actuacións que van encamiñadas, por exemplo, a crear itinerarios peonís – ou de preferencia peonil – que comuniquen esta parte da cidade co recinto amurallado, pero que tamén articulan directrices de transformación que inclúen criterios de mantemento e xestión cun alcance estratéxico, xa que algunhas delas abren a posibilidade de intervenir nun patio de mazá coa finalidade de recuperalo para o espazo público”.

A primeira das propostas é a creación dunha gran zona verde do barrio Feijóo. Sería unha zona axardinada, un ecosistema verde urbano, cuxa extensión abranguería unha parte moi importante do barrio, que permitiría contar cunha nova e necesaria zona de convivencia integrada por áreas de estancia, xogo, exercicio, todas elas moi soladas, grazas á



altura das edificacións, moito máis baixas e menos encaixadas que na Milagrosa.

Sobre a humanización e renaturalización da Avenida da Coruña, a rexedora avanzou que a idea do Goberno local era moi clara respecto desta iniciativa, “establecéndose xa nos pregos a necesidade de crear unha senda peonil que servise de conexión do conxunto do barrio co Centro Histórico, a modo de bulevar ou corredor verde”.

Para a rehumanización e mellora de Camiño Real manterase esta como vía básica sen carril bici até a intersección con García Abad e, a partir de aí, transformarse nunha rúa interior de supermazá.

Esta actuación non suporía un impacto significativo sobre o tráfico rodado, xa que a circulación de paso que entra pola Avenida da Coruña desviaríase pola rúa Tino Grandío

cara o oeste e a que continuaría por Camiño Real cara á Muralla será xa soamente local e de servizos, porque inmediatamente se atopará co tramo peonil de Camiño Real e coa zona peonil do Centro Histórico. Tamén se realizará a rehumanización e mellora da Praza de Alicante e a rúa Río Navia para convertelas nunha zona predominantemente verde e permeable, que permita a entrada de vehículos a residentes e de servizos polo bordo da praza, mentres que a zona central converteríase nunha zona de estancia con sombra. Doutra banda, a T formada polas rúas Río Navia desde a rúa Río Ser e a rúa Unidade, así como a rúa Río Mera, unha vez modificada a Praza de Alicante, poderán transformarse tamén.

Consulta o proxecto en www.lugoxa.com

Anuncian o remate do borrador do Plan Parcial da Louzaneta

Co obxectivo do desenvolvemento urbanístico do Polígono Empresarial da Louzaneta, xa foi elaborado o borrador do convenio que recollerá os termos de colaboración cos e coas titulares dos terreos deste sector para axilizar todo o posible a elaboración dun Plan Parcial que regule os seus usos e aproveitamentos. Este borrador establece un sistema de

actuación ou de cooperación polo cal o Concello licitará a contratación dos labores de redacción deste Plan Parcial.

Alvarellos Fondo explicou así que, “logo de varias xuntanzas coas e cos afectados, a última delas no pasado mes de xullo, constituíuse un equipo de traballo integrado por técnicos de Enxeñería, Urbanismo, Evislusa e

Patrimonio, que foron avanzando na tramitación administrativa, polo que o curso do procedemento está xa moi adiantado”, sinalou a edil.

Unha vez formalizado o Convenio coa súa sinatura, o texto será sometido a exposición pública antes de continuar coa seguinte fase de tramitación que culminará coa súa ratificación polo Pleno.

Retirarán 4 árbores do canil de Friga

O Concello procederá á retirada de catro árbores afectadas por fungos situadas nas instalacións do canil de Friga. Así o avanzou o edil responsable da área de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, quen explicou que “no transcurso das obras de mellora do canil, unha das árbores existentes caeu –por causas totalmente alleas aos traballos que se están a executar– polo que, ante as dúbidas polo estado de saúde no que se podían atopar o resto de exemplares situados no recinto, encargamos un estudo a unha empresa especializada para coñecer en detalle cal é a situación dos mesmos”.

PARQUE DO RATO



A Deputación de Lugo vén de repoñer o mobiliario danado no Parque do Rato, logo de que o pasado 19 de novembro recibise aviso de que diferentes pezas deste espazo público, deportivo e de lecer foran arrancadas e tiradas ao río. Tras poñer en marcha os labores de comprobación, inventariado e reposición dos elementos necesarios, a institución provincial restituíu, nunha semana, o bo estado da contorna.

Candia defende a súa proposta para o edificio de Obras Públicas

A presidenta provincial e voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo, Elena Candia, anunciou que pedirá, tanto no Concello de Lugo como nas Cortes Xerais, que o Goberno central acepte a súa proposta de reconverter o edificio de Obras Públicas, situado a Ronda da Muralla, na futura Comisaría da Policía Nacional.

“Esta iniciativa ten un obxectivo claro e irrenunciábel que é, primeiro, volver a centrar no debate que Lugo necesita unha Comisaría en condicións porque é unha reivindicación de todos os representantes sindicais e da cidadanía; e, segundo, que resposta á vontade de política útil, á hora de buscar propostas como posibles solucións”.



CAFÉ BAR ALONDRA

Desayunos a partir de las 8 de la mañana, cafés, infusiones, té, vinos de cosecha, bocadillos y minibocadillos, raciones, platos combinados, hamburguesas, perritos, revueltos, ensaladas, sandwiches y postres. Realizamos comidas por encargo y para llevar.

HORARIO: DE MIÉRCOLES A DOMINGO DESDE LAS 8:00H DE LA MAÑANA

Laverca, 1 Bajo - 27003 - Lugo / Tel.: 982 216 686 www.facebook.com/alondra

A veciñanza de tódalas parroquias pode escoller a programación social



O Executivo de Lara Méndez retoma a dinamización social das parroquias e faino da man da veciñanza coa que, nunha nova ocasión, volve deseñar a programación sociocultural que se desenvolverá a partir de xaneiro nos centros cívicos e nas escolas do rural.

A tenente de alcaldesa de Cohesión Social, Ana González Abelleira e o edil de Impulso Rural, Miguel Fernández, mantiveron un encontro con representantes do tecido asociativo para coñecer as súas demandas co fin de coordinar as propostas que se porán en marcha en 2024 nos diferentes núcleos do municipio.

“A nosa vontade é promover e propiciar a participación cidadá planificando conxuntamente aquelas actividades que nos demandan en cada zona, tendo en conta o perfil das e dos residentes, as súas inquedanzas e necesidades para concretar non só horarios senón tamén temáticas”, referiu Ana González.

A edil cualificou a xuntanza de moi produtiva, “en tanto acordamos coas e cos asistentes que nos

vindeiros días nos farán chegar as súas propostas para deseñar entre todos, administración e sociedade, a programación máis idónea para cada parroquia”, sinalou.

Durante a reunión, Ana González Abelleira explicou, así mesmo, que o Concello ofertará actividades de lecer e formativas para impulsar a convivencia interxeracional e fomentar a igualdade e o arraigamento no rural, ao tempo que puxo en valor o labor desenvolvido polo animador municipal Alfonso Darriba, “implicado ano tras ano en artellar a mellor programación posible para conciliar os intereses da veciñanza”.

“Esa é unha das claves que perseguimos e dentro que poden ter cabida dende obradoiros de exercicio físico, como ximnasia ou pilates, ata clases de pintura, manualidades, restauración de obxectos e mesmo talleres de memoria ou de aprendizaxe e mellora de competencias dixitais ou manexo das novas tecnoloxías”, apuntou a concelleira con relación ás propostas solicitadas e desenvolvidas en anos anteriores.

A Deputación renova as pasarelas peonís da estrada de Ombreiro

A Deputación de Lugo vén de comezar os traballos de renovación das pasarelas peonís da estrada de Ombreiro, en Lugo. Unhas obras que realiza a empresa pública Tragsa, medio propio da institución provincial, e que teñen un prazo de execución de 2 meses.

En concreto, a actuación consiste na retirada do antigo pavimento, a reposición dos elementos de suxeición da estrutura e as táboas das pasarelas en dous tramos dun total de 150 metros, para a que se usará madeira de pino tratada. O investimento nestes traballos ascende a 18.000 euros. Esta infraestrutura dá servizo ao paseo do río Miño, unha ruta periurbana que descorre á marxe esquerda do río ao seu paso por Lugo e que vai



tamén paralela á estrada de Ombreiro. Trátase dunha ruta moi transitada pola veciñanza e a actuación servirá para mellorar a seguridade nesta zona, moi empregada por ciclistas, afeccionados ao atletismo e persoas que se achegan a pasear.

Unha actuación que forma parte das diferentes accións que a institución provincial está a levar a cabo para posta en valor dos espazos públicos, de lecer e deportivos situados na Reserva da Biosfera Terras do Miño que xestiona a propia Deputación.

O Concello entrega os terreos para a torre de telefonía de catro zonas

O Concello vén poñer a disposición de Amtega os terreos municipais nos que se poderá instalar a torre necesaria para mellorar a cobertura móbil nas parroquias de San Pedro de Mera, Poutomillos, Bacurín e Santa Eulalia de Bóveda.

Logo de recibir a solicitude da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para colaborar na localización das parcelas máis axeitadas, o concelleiro iniciou un labor de procura dos predios que o propio ente autonómico considerou como idóneos para

situar este tipo de equipamentos. “A superficie, situada na parroquia de San Pedro de Mera, se cederá por un período mínimo de 15 anos, de xeito totalmente gratuito e co fin de posibilitar a colocación dunha torre de telefonía que ocupa 81 m², executando así as infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións móbiles precisas que mellorarán a cobertura na contorna”, explicou.

Igualmente, o tenente de alcaldesa informou de que a concellería de Impulso Rural segue traballando para facilitar a posta a dispo-

sición de máis predios, ben de titularidade municipal ou a través da intermediación coa veciñanza que reside nos núcleos, conforme aos requirimentos da Axencia Galega co obxectivo de que as sucesivas cesións posibiliten “continuar gañando en servizos e comodidade para as e os residentes e avanzar na eliminación da fenda dixital” e, a este respecto, indicou que “as negociacións xa están tamén moi avanzadas para acadar os terreos adecuados nas parroquias de Gondar, Santa María Alta e Piñeiro”, concluíu Fernández.

Comeza a instalación dos novos colectores de selectiva no rural

Comezou a instalación dos novos colectores na zona rural. En total, instalaranse 860 de restos, 350 de bolsa amarela e outros 200 destinados á reciclaxe de papel e cartón nas 54 parroquias atendendo ás particularidades de cada zona.

Ata o de agora os traballos centráronse na instalación dos colectores na área periurbana. Así, na contorna da cidade actuouse na N-540 e as súas inmediacións. Tamén no eixo definido pola N-VI e as súas respectivas vías de servizo ata San Vicente de Coeo e Monte de Mera. Así mesmo, nesta dirección foron renovadas as



illas no trazado da estrada Vella de Santiago e na estrada LU-612, en dirección a Portomarín, até a altura de Soñar. Pola súa parte, en dirección norte os traballos estiveron centra-

dos na zona de influencia da N-640, ata Teixeira. Tamén foi renovada a rede en numerosas urbanizacións como A Campiña, Bella Vista ou A Louzaneta.

CENTRO DE SAÚDE DE NADELA



A veciñanza de Nadela volveu manifestarse en protesta pola situación do seu centro de saúde, no que se atende a máis de 700 persoas. O BNG e o PSOE apoiaron ás veciñas e veciños de Nadela desde o inicio das súas mobilizacións en reclamación dun servizo de atención primaria digno alegando que tres días á semana non son suficientes. A cuestión foi tratada no Pleno e tamén levouse ao Parlamento.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santiago de Prógalo

É unha das parroquias máis pequenas e conta cunha igrexa parroquial románica e un castro da Idade de Ferro

Santiago de Prógalo é unha das parroquias máis pequenas da rexión central da provincia de Lugo situada a uns doce quilómetros da cidade esta vila formou parte do señorío temporal dos bispos de Lugo polo que a súa aparición en documentos é abundante. A primeira noticia histórica desta vila é no ano 1088 nun documento onde o rei Alfonso VI enumera as posesións da comunidade de Mera en onde aparece como a uilla praenominata Procul. Na actualidade esta pequena parroquia lucense conta, segundo o Instituto Nacional de Estadística cun total de dezoito habitantes dos cales oito son homes e dez mulleres. Toda a poboación está repartida entre os núcleos de Airexe, Golmar, Lameiro e Tras do Castro sendo Gomar o máis habitado cun total de nove persoas. O Lameiro conta na actualidade só con un habitante e A Vila encontrase xa deshabitada. A igrexa parroquial, aínda que cualificada como humilde en algunhas ocasións é un bo exemplo do

románico rural con gran encanto arquitectónico. Este templo está moi próximo ao camiño primitivo e a súa construción conta cunha soa nave e ábsida rectangular ademais dunha cuberta en madeira e lousa a dúas augas. A porta principal esta cuberta por un sinxelo arco de medio punto con tímpano liso e a igrexa conta con outra entrada no seu lateral. A ábsida foi reconstruída nun momento posterior á nave da igrexa principal, probablemente na segunda metade do século XX, momento no que se aumentou a súa altura ata o nivel da nave e se ampliaron as súas dimensións en planta facendo que o aspecto xeral da igrexa mudase substancialmente. A ábsida conta tamén cunha cuberta a dúas augas en madeira e lousa. Este conxunto eclesástico está construído con perpiños de granito e non conta cunha dependencia dedicada á sacristía. Xa no interior da igrexa destaca a case ausencia total de ornamento acentuado polos seus muros totalmente brancos. Conta, iso si, cun

altar maior no que se atopa un retablo do século XVIII e policromado en 1787 segundo consta na lenda repartida entre os dous laterais. A imaxe principal correspóndese con Santiago Peregrino e esta acompañada por unha imaxe da Inmaculada do século XVIII e as tallas da Virxe co neno e San Pedro, ambas realizadas no século XIV nun estilo románico tardío. No lateral esquerdo atópase outro retablo, con dúas columnas obra do século XVII e cunha imaxe de San Ildefonso pertencente a arte popular.

Nesta igrexa de Santiago de Prógalo podemos destacar tamén a pila bautismal, situada aos pés da nave e de época románica. Realizada en granito componse dunha copa semicircular de grandes dimensións e un soporte cuadrangular da época postmedieval. A parte exterior da copa está decorada con motivos xeométricos e esquemáticos ordenados en dous niveis arredor de todo o perímetro. A conservación desta pila, seguramente realizada por un canteiro local descoñecido, é boa salvo polo borde superior onde mostra un notable deterioro. Dentro desta parroquia lucense tamén podemos visitar o Agro do Castro, coñecido tamén como Castronela, un castro cun perímetro circular de cento cincuenta metros cunha soa defensa datado da Idade do Ferro e que está incluído dentro do catálogo de Bens Patrimoniais.



Realizan obras no camiño de Benade a Mazoi

Executáronse obras de mellora do firme no camiño municipal que vai da parroquia de Benade á de Mazoi, dende o núcleo rural de Gundín (Benade), ata as proximidades do núcleo rural de Barcia (Mazoi). Os traballos, que contan cun orzamento de 100.279,22 euros, enmárcanse no Programa de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal

financiado por Agader 2023-2024 a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. A actuación, nun total de 1.703 metros, consistiu na mellora do firme do vial municipal que vai desde o núcleo rural de Gundín ata o camiño, tamén municipal, que vai desde Mazoi a Benade, nas proximidades de Barcia.

Xa está operativo o paso alternativo de Recimil

Xa abriu ao tráfico o novo paso alternativo de Recimil, que se fixo despois do accidente no que morreron varios rapaces atropellados polo tren, a instancias da veciñanza e con cargo a Adif.

Os traballos realizados por Adif consistiron na construción dun camiño provisional paralelo á vía que conecta o punto onde se atopaba o paso a nivel clausurado con outro inferior situado a 300 metros en dirección norte. O novo itinerario conduce ata unha infraestrutura que conta coa altura necesaria para o tránsito de vehículos de grandes dimensións. Esta solución, acordada entre os representantes veciñais e os técnicos do organismo estatal no mes de agosto coa mediación do Goberno

local, requiriu poñer a disposición de Adif uns 100 metros lineais de terreo, xestión que o Executivo de Lara Méndez logrou acometer nun prazo mínimo inferior a unha semana, o que permite que hoxe a mellora da seguridade nesta contorna sexa unha realidade.

“A clausura deste paso é unha boa noticia para Lugo. A meta común era lograr que puidera ser suprimido e que, ao tempo, existira unha alternativa de tránsito que impedira o illamento dos habitantes de Recimil e Coe. Afortunadamente, a colaboración entre a veciñanza, o Goberno local e o Ministerio, permítenos estar na posición de afirmar que o obxectivo está acadado”, afirmou a alcaldesa, Lara Méndez.

O BNG reclama o acondicionamento do hospital de Calde

Carme Aira afirmou que “nas últimas semanas véñense repetindo as denuncias do persoal do centro sobre o sistema de calefacción e o subministro de auga quente, sistemas que deberían estar listos para funcionar a pleno rendemento coa baixada das temperaturas”.

O BNG reclama ao goberno galego que actúe para mellorar o confort do persoal e pacientes do centro, mellorando tamén as condicións xerais da instalación, garantindo as condicións necesarias para este tipo de instalacións. Carme Aira anunciou que o BNG presentará iniciativas no Parlamento Galego para instar ao Sergas a mellorar a instalación de calefacción e auga quente deste hospital. Segundo a deputada do BNG, “a Xunta de Galiza ten que garantir as mellores condicións para o persoal e para as e os pacientes dun hospital”.

A Xunta detecta nunha granxa un foco de EHE

A Xunta vén de declarar cinco novos focos de Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE) en Galicia. En concreto, tres novos focos de EHE na provincia de Ourense, nos concellos de Piñor (comarca veterinaria do Carballiño), Esgos (comarca veterinaria de Ourense) e Baños de Molgas (comarca veterinaria de Maceda); e dous novos focos na provincia de Lugo, nos concellos de Friol (comarca veterinaria de Lugo) e O Saviñao (comarca veterinaria de Terra de Lemos-Quiroga). Cos cinco focos declarados, son 18 as comarcas veterinarias nas que se ten notificado focos de EHE en Galicia.

Neste senso, cómpre sinalar que a EHE é unha enfermidade infecciosa pero non contagiosa producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picadura de mosquitos do xé-

nero *Culicoides*, spp.

Dada a vía de transmisión, esta enfermidade aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Polo tanto, existe un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro) e outro, nos meses de inverno, nos que ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

A única vía de contaxio nos animais é a través da picadura dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, cómpre aclarar que esta doenza non afecta ás persoas, nin pola picadura do mosquito transmisor, nin por contacto con animais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

Aumenta o número de usuarios do servizo de Madrugadores

O Concello de Friol apostou fai tres anos por intentar facilitar a conciliación da vida familiar e laboral dos seus veciños e veciñas, e para iso decidiu poñer en marcha un servizo de madrugadores no curso 2020-2021. Deste servizo de madrugadores poden aproveitarse as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo foi medrando ano tras ano, e no presente curso 2023-2024 conta xa con mais de 20 persoas inscritas, que fan uso do mesmo durante esas primeiras horas do día, antes de entrar no colexio. Este é o mellor indicador de que é un servizo necesario, útil e que funciona ben.

O servizo está dispoñible dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Lévese a cabo dentro do recinto escolar, e o persoal encargado de atender as necesidades dos usuarios xa os levan



para a clase correspondente cando comeza o horario lectivo do centro, ás 9.45, como xa se indicou.

Con este xesto, o Concello de Friol segue apostando por dar servizos de calidade ás familias do municipio, e tamén ás que decidan vir establecer a súa unidade familiar ao pobo e matricular aos seus fillos e fillas no centro escolar público de Friol.

O Servizo de Madrugadores está

sendo subvencionado polo Concello, tendo que pagar cada persoa interesada en facer uso do mesmo a cantidade de 80 euros por todo o curso escolar.

Aínda pode realizarse a inscrición nas oficinas do Concello de Friol, ou a través do correo electrónico info@concellodefriol.es. O impreso de solicitude de inscrición pode atoparse na páxina web do Concello.



Os colexios de Rábade e Friol abriron o ciclo 'Música e Evolución'

Os colexios de Rábade e Friol acolleron cadanseu concerto didáctico sobre instrumentos a cargo dos músicos e investigadores Pablo Carpintero e Rosa Sánchez.

A área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo impulsa estas actividades que se están a desenvolver baixo o título *Música e evolución* e que amosan e poñen en valor o patrimonio musical, ao tempo que explican a música como unha manifestación cultural esencial para as persoas.

Durante estas sesións didácticas, amósanse 42 instrumentos, moitos deles novos para a rapazada, cun fío argumental que incide no papel esencial que as mulleres xogaron na música, na cultura e

na organización social ao longo da historia ou na orixe dos instrumentos musicais na cultura infantil. Por outra parte, contribúen a difundir e afianzar o emprego da lingua galega.

Os obradoiros son parte dun ciclo que chega a un total de 20 centros educativos. Entre eles, os colexios de Samos, Paradela, Portomarín, Guntín, Begonte, Cospeito, Foz, O Valadouro, Pol, Riotorto, O Páramo, Lán cara, Trabada e Barreiros, nos que xa se desenvolveu a actividade nas últimas semanas.

Días máis tarde celebrouse tamén nos colexios de Muras e Xermade e no CEIP Caselles Rollán de Xove e CEIP Lois Tobio de Viveiro.



Paula Prado reclama maior investimento no rural nunha visita á vila

A secretaria xeral do PPdeG, Paula Prado, reclamou un maior investimento no rural por parte do Goberno de España, denunciando que "miles de millóns de euros que poderían ir ao rural galego irán a Cataluña para pagar a investidura de Pedro Sánchez e o seu capricho de seguir na Moncloa a costa dos cartos de todos os españois e, por suposto, dos galegos".

E nesta liña referiuse á sesión de investidura, que cualificou de "agravio a España e a Galicia" e na que, destacou, o presidente Feijóo "dará voz a ese clamor de miles de españois que están en contra da amnistía, das cesións

ao independentismo catalán, da desigualdade territorial e da creación de comunidades de primeira e de segunda".

"O PPdeG estará sempre a carón dos galegos e por iso seguiremos traballando para impedir que esta desigualdade se produza, para que o noso rural poida seguir sendo rendible e para que os galegos que queiran vivir no rural e do rural poidan facelo", reivindicou a secretaria xeral nunha explotación gandeira de Friol acompañada por membros da Comisión de Medio Rural do PPdeG, como Avelino Souto e José Balseiros, e o alcalde deste concello, José Ángel Santos.

A alcaldesa será un dos catro representantes da provincia na Fegamp

As entidades locais gobernadas polo Partido Popular na provincia de Lugo estarán representadas na Federación Galega de Municipios e Provincias para o mandato 2023-2027 por dúas alcaldesas e outros tantos alcaldes. Son os seguintes: Remedios González (Rábade), Lola Castro (Folgoso do Courel), Héctor Corujo (O Incio) e Carlos Armesto (O Saviñao).

Os representantes lucenses no consello federal da Fegamp foron elixidos no decurso da XI Asemblea Ordinaria da entidade, celebrada en Santiago de Compostela e na que se constituíron os órganos directivos desta entidade para o novo período.

Héctor Corujo, que ademais ocupa o posto de vicepresidente e en nome dos seus compañeiros, agradeceu a oportunidade que se lles brinda "para representar aos concellos lucenses na defensa dos seus intereses e da veciñanza, así como tamén para facer as súas achegas ás iniciativas da Xunta de Galicia en materia lexislativa". Tal é así que para o popular estes nomeamentos reflicten e poñen en valor "o peso que o rural ten para o PPdeG".

O Concello implanta o contedor marrón en dúas localidades

O concello de Castro de Rei iniciou o proceso de implantación do contedor marrón nos núcleos urbanos de Castro Ribeiras de Lea e Castro de Rei co obxectivo de potenciar a recollida separada dos residuos orgánicos.

A implantación destes recipientes efectuouse no marco dun proxecto levado a cabo coa colaboración Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

De forma previa á súa colocación, realizouse unha campaña informativa mediante un stand itinerante por diferentes localizacións do termo municipal, atendido por monitores ambientais especialistas na materia que informaron á veciñanza sobre o uso axeitado do denominado "quinto contedor" o cal debe estar garantido en todo o territorio da Unión



Europea, como moi tarde, o 31 de decembro do 2023.

No colector marrón verteranse residuos de procedencia orgánica que serán recollidos e transportados á planta de biorresiduos para ser transformados en compost ou biogás.

Con esta iniciativa búscase conseguir os máis altos niveis de reciclaxe dos desperdicios domésticos e avanzar cara un modelo de xestión de residuos máis eficiente e na liña marca-

da pola chamada economía circular que avoga por darlle unha nova vida aos residuos converténdoo en recursos antes da súa reincorporación ao ciclo produtivo.

O contedor de materia orgánica estase a implantar en varios concellos da provincia. Os residuos que deben depositarse neste novo recipiente de fracción orgánica son restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cascas de ovo, de marisco e de froitos secos.

O goberno local merca unha cortadora de herba

O Concello de Castro de Rei vén de comprar unha cortadora de herba para o mantemento de parques, xardíns, áreas recreativas e espazos verdes.

Esta compra foi realizada con cargo a unha subvención do Fondo de Compensación Ambiental (liña de concorrencia non competitiva) de Vicepresidencia 2ª e Consellería de Xustiza, por un importe total de 36.300 euros, dos que foi subvencionado o 80%.

"Dende o Concello valoramos moi positivamente esta adquisición que ademais de ser moi necesaria pasará a formar parte do parque de maquinaria do Concello, destinándose ó mante-



mento de espazos verdes e áreas recreativas", explicou o alcalde do termo municipal, Francisco Balado.

O BNG denuncia o mal estado da casa da cultura

O Bloque Nacionalista Galego en Castro de Rei realizou unha visita á Casa da Cultura situada en Castro Ribeiras de Lea onde puido comprobar de primaria man "a situación de abandono na que se atopa dito edificio". Afirmar que o edificio presenta humidades e goteiras por toda a instalación, "incluíndo o despacho da traballadora da biblioteca municipal tendo en conta que pasa moitas horas nel e as paredes están cheas de fungos provocados polas humidades o que fai que non sexa un local apto para traballar".

A concelleira Olga García denunciou "a precariedade na que se atopan as instalacións e a imaxe que se dá a to-

das aquelas persoas que se acercan a esta instalación pois os desperfectos, humidades e goteiras obsérvanse dende o momento que se entra no edificio. Ademais do perigo que supón para as crianzas que alí realizan actividades, pois teñen que ir sorteando os cubos que están colocados para as goteiras".

A través da concelleira, Olga García, o BNG pedirá que se busque unha solución para todos estes desperfectos e que a casa da cultura sexa un lugar apracíbel para quen a visite, "precisamos un concello con actividade cultural e para iso temos que ter un lugar adecuado" reclama a concelleira nacionalista.

rábade



O Concello mellora o pavillón dos deportes e reparte axudas escolares

O Concello de Rábade acomete diferentes melloras no pavillón municipal Eduardo Fernández ao abeiro dunha axuda da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta. En concreto, estanse a equipar as gradas con cadeiras individuais para unha maior comodidade dos usuarios e usuarias e tamén se está a renovar o equipamento para favorecer as escolas infantís no xogo do mini basket. A actuación é posible grazas ás subvencións dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable.

A alcaldesa, Reme González, e o concelleiro Carlos González, supervisan os traballos de colocación do novo equipamento aos que se destinan 10.526 euros.

AXUDAS. O Concello vén de resolver tamén as solicitudes de axudas ao inicio do curso escolar, que comprenden libros de texto, material escolar, roupa e calzado.

En total, resolveróense de xeito favorable un total de 19 solicitudes, as cales supoñen un investimento total por parte do Goberno local de 2.634,87 euros. As familias beneficiadas xa están a recibir os seus ingresos tras a sinatura por parte da alcaldesa, Reme González.

Convocado de novo o concurso de postais de Nadal

Convócase o XVII Concurso de Postais Navideñas 2023, no que poden participar calquera neno ou nena interesado de entre 3 e 14 anos en tres categorías. A categoría A comprende os debuxos dos nenos entre 3 e 5 anos, a categoría B de 6 a 9 anos e a categoría C de 10 a 14.

Os debuxos gañadores serán os elixidos coma a Postal Navideña do Concello para felicitar o Nadal a todos os veciños.

O tema do debuxo é libre, coa necesaria incorporación de referencias ao Nadal. Os concursantes poden empregar calquera técnica sobre o material que estimen oportuno.

O xurado estará integrado por representantes do Concello, do Colexio Otero Pedrayo e o IES Río Miño. Valorarase principalmente a orixinalidade e a creatividade dos debuxos presentados.

Os agasallos por categoría serán como primeiro premio un vale de 60 euros, o segundo un vale de 40 euros e o terceiro outro vale de 20 euros. Estes deberán ser usados no comercio de Rábade. O fallo do xurado farase público antes do día 8 de decembro. Tódolos debuxos recibidos serán expostos no Concello de Rábade no Nadal.



BALONCESTO. Chegou ao seu fin o Máis Que Basket No Rural da Fundación Breogán. Na xornada de clausura realizaron o xa habitual test, para avaliar os coñecementos de baloncesto adquiridos e logo, desfrutaron dun delicioso showcooking saudable a cargo de Marta Pérez Fandiño. Ademais, entregáronse os diplomas e un balón a cada participante dos adestramentos de baloncesto, que tiveron lugar nos CEIP Ramón Falcón e CEIP Veleiro do Campo.

portomarín



Xa é posible ver a vella vila grazas a un proxecto de realidade virtual

Xa é posible ver a vella vila de Portomarín grazas ao proxecto de realidade virtual *Galiverso. O vello Portomarín*, que recrea con tecnoloxía 3D esta antiga vila luguesa, anegada pola construción do encoro de Belesar en 1963. A veciñanza de Portomarín foi a primeira en colocar as lentes virtuais para volver camiñar polas desaparecidas rúas do centro da vila, unha viaxe no tempo ata o verán de 1962 que, explicou o conselleiro, foi deseñada co máximo rigor científico e a través dun amplo proceso de documentación.

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, presentou o proxecto e subliñou que a experiencia parte dun exercicio de memoria colectiva que, apoiado nas novas tecnoloxías de realidade virtual e aumentada, debuxa “unha cartografía dixital que recupera as casas e algúns dos seus edificios máis notables”, como a igrexa ou o Hospital de peregrinos. As gravacións da época conservadas na Filmoteca de Galicia, as máis de 40.000 fotografías que atesoura Foto Pereira en Portomarín e a memoria dos habitantes da propia vila serviron de base para un minucioso traballo que contou coa participación de profesores da Universidade

de Santiago de Compostela, expertos do Centro Infográfico Galego e especialistas en vídeo, arte en 3D, historia e programación.

O vello Portomarín pode visitarse proximamente, de maneira gratuíta, tanto na localidade luguesa como tamén no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura.

BAIXO AS AUGAS. O encoro de Belesar, creado na pasada década dos 60 para abastecer unha central hidroeléctrica, é a presa artificial máis grande sobre o río Miño. Ocupa unha superficie de 2.000 hectáreas entre os concellos de Taboada, Chantada, O Saviñao, Paradelas, O Páramo, Guntín e Portomarín. Ademais do vello Portomarín, que foi reedificado preto da súa antiga localización, coa construción do encoro quedaron inundados outros lugares como Mourulle, Pincelo, Abeledo ou Portomeñe e tamén os restos arqueolóxicos de Castro Candaz.

Román Rodríguez convidou a todos os portomarínenses “a mergullarse nesta nova realidade e descubrir a historia da súa vila a través do Galiverso, o que sen dúbida será un antes e un despois no coñecemento da súa cultura, do seu patrimonio e da súa memoria”.



OBRAS EN VIAS DO RURAL. O Concello de Portomarín está rematando o arranxo das pistas do ano 2023. O alcalde Pablo Rivas supervisou os traballos en San Mamede de Belad e Cabanas do Monte, que se realizaron con asfaltado en quente.

O BNG pide melloras de acceso ao Castelo

Iria Castro pediu a mellora na accesibilidade ao Castelo de Castroverde e o aumento nos orzamentos do 2024 das partidas destinadas ás subvencións para entidades culturais e deportivas. “A mellora da sinalización, do alumeadado e o acondicionamento do acceso ao Castelo serviría para de por en valor esta fortaleza” explica a voceira do grupo municipal. Tamén pide que se melloren as subvencións que se lles outorgan a aquelas entidades deportivas e culturais que “fan un traballo inxente coa rapazada”.

guntín

Comeza un novo obradoiro en Guntín, O Corgo e O Páramo

Un ano máis os concellos do Corgo, O Páramo e Guntín deron comezo a un novo obradoiro de emprego, Ponte de Areas, no que traballarán un director, tres monitores e 20 alumnos que se formarán en operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización nos seus respectivos concellos.

Do total de 20 alumnos 7 corresponden ao Corgo, outros tantos a Guntín e 6 son do Páramo e realizarán traballos de operario de formigón, peón especializado, operario de cadro de formigón, pavimentador a base de formigón, axudante encofrador, axudante ferrallista, peón da construción



de edificios, pavimentador con adoquines, axudante de alicatador-soldador, operario de bordes de confinamento, pavimentador a base de

formigón e peón especializado.

Este ano en Guntín seguirán a traballar na Casa Cuartel, na praza da Igrexa e na fonte de Ferreira.

Ameijide quéixase do estado da estrada que comunica con Lugo

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, afirma que a LU-P-2913 (de Coeses a Terlama, intermunicipal con Guntín) é unha das principais vías de comunicación do rural de Lugo, xa que, ademais de conectar Lugo con Guntín, dá servizo a numerosas parroquias do rural lucense como Coeses, Ribas de Miño, Santa Cristina de San Román ou San Martiño Piñeiro.

“E, como a maior parte da rede viaria provincial, a LU-P-2913 tamén presenta deficiencias moi importantes, como a que se pode ver preto do punto quilométrico 5, onde se afundi a calzada pola acción dun cauce fluvial que foi comendo o terreo e debilitando a zona ata que venceu a calzada e nada se fixo”, di.

Chantada acolleu este ano a entrega do premio Condado de Pallares

O concello de Chantada acolleu a cerimonia de entrega do premio do XVII Certame de Investigación Condado de Pallares, organizado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares. O premio recaeu este ano no traballo *O agrarismo nas terras de Chantada*, de Antonio Paz Vázquez, ao que lle corresponderán os 3.000 euros do premio, considerado o decano deste tipo na provincia de Lugo.

O xurado valorou “o interese deste traballo de investigación, que supón un documentadísimo e profundo estudo histórico

do fenómeno sociopolítico do agrarismo galego nos concellos de Chantada, Taboada e Carballedo. Nesta ocasión refírese a unha etapa histórica que supuxo un desenvolvemento social no período entre a desamortización de 1835 e o inicio da Guerra Civil, no 1936.

Antonio Paz Vázquez, de Chantada, é técnico administrativo e ten publicados outros dous libros, a *Guía micrológica, manual de gestión y aproveitamentos no madereros e Os muiños e as outras industrias tradicionais da auga do Concello de Chantada*.

A Deputación investirá 150.000 euros en obras nas parroquias

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou en San Marcos un acordo de colaboración co alcalde de Castroverde, Xosé María Arias, a través do que a institución provincial aporta 150.000 euros ao Concello, que lle permitirán facer obras en diversas parroquias para as que a Xunta de Galicia lle denegou financiamento.

En concreto, trátase de melloras na mobilidade do rural co acondicionamento de camiños con pavimento de formigón nos núcleos de Lourentín, Furís de Abaixo, Riomol e A Meda; mellora en rega asfáltica de camiños nos lugares de Miranda e Vilacote; o pavimentado con formigón no núcleo de Miranda; e a mellora da recollida de augas pluviais de Folgueiras.

Obras "moi importantes" para o día a día da veciñanza destes núcleos de poboación, subliñou o presidente, "que temos que financiar dende



a Deputación, nunha mostra máis da nosa permanente colaboración cos concellos da provincia, porque a Xunta de Galicia non o fai". José Tomé incidiu en que este apoio económico pon de manifesto que a institución provincial é unha administración esencial para o funcionamento das entidades locais e para mellorar e ampliar os servizos que ofrecen aos seus veciños, suplindo

en numerosas ocasións, como é neste caso de Castroverde, a falta de investimentos da Xunta de Galicia.

Pola súa banda, o alcalde agradeceu e puxo en valor a aportación económica da Deputación para que o Concello poida acometer estas obras "tan relevantes para os veciños do municipio, porque estamos falando de servizos básicos".

Licitada a reforma do pavillón

O Concello de Castroverde sacou a licitación as obras de reforma do pavillón municipal de Castroverde, un proxecto que ten un orzamento de 62.047,34 euros, IVE incluído.

O prazo de execución estimado é de tres meses e os traballos están agrupados en varias accións diferenciadas. Por unha banda renovarase totalmente a pintura interior do pavillón polideportivo. Tamén se cambiarán todos os rodapés por outros de pvc, máis resistentes á humidade e máis acordes coa estética xeral do edificio.

En terceiro lugar, instalaranse entrepanos nas varandas existentes e construírse un tabique de cartón



xeso resistente á humidade para illar termicamente as duchas.

Por último, compraranse e instalarán tres lousas magnéticas que sirvan á súa vez como taboleiro de anuncios para evitar que se peguen carteis

ás paredes e frear a deterioración e desgaste da pintura para aplicar. Unha delas situarase xunto á entrada de público do pavillón e as outras dúas unha á beira de cada un dos vestiarios.

Pablo Figueiras, novo presidente do PP local

Pablo Figueiras vén de ser proclamado presidente do Partido Popular de Castroverde logo de contar co apoio unánime dos afiliados e da dirección provincial. Deste xeito, o voceiro da agrupación local asume "con ilusión" a responsabilidade de dirixir o partido neste municipio que nos últimos procesos electorais acadou unha suba importante na porcentaxe de voto.

Nas pasadas eleccións municipais, o PP que lidera Figueiras subiu de 1 a 4 concelleiros. Nos comicios de xullo, acadaron o 50,06% dos votos (826).



VEIGA DO OLMO. A Área Recreativa de Veiga do Olmo, en Castroverde, amplía as esculturas de animais que tanto éxito teñen coa incorporación dun esquío, dous mouchos e unha aguia. Estas catro pezas súmanse ao corzo e o oso que lucen xa nesta zona verde tan peculiar e tan visitada do concello. Os traballos foron realizados por Eugenio Linares, de Buba Esculturas.

Rematan as obras do saneamento de Riomol

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegou 55.600 euros a Castroverde para mellorar o saneamento das augas pluviais no lugar de Riomol. O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, comprobou o resultado da actuación, financiada con cargo á liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental deste ano.

A intervención consistiu na execución das obras e instalación dos elementos necesarios para mellorar a evacuación das augas de escorrentía pluvial que discorren pola vía de acceso a este núcleo, canalizándose cara a rede de saneamento. Con esta actuación búscase evitar os danos que producen estas augas nos firmes dos camiños; a derivación ao interior de vivendas e outras construcións; así como o arrastre de materiais aos terreos. Arias afirmou que no período 2020-2023, a Xunta concedeu máis de 337.000 euros que beneficiaron ao

Concello de Castroverde ao abeiro das ordes de axudas da Dirección Xeral de Administración Local.

Arias subliñou a cooperación da Xunta co Concello de Castroverde a través doutras achegas concedidas este ano para mellorar infraestruturas e impulsar o desenvolvemento económico do municipio. Destacou os 80.100 euros asignados a través do Plan Marco de mellora de Camiños para acondicionar o vial que une Riomol con Furís de Arriba; os accesos a Pereirón, Viladónega e Cellán de Calvos; e o acceso ao núcleo de Vilar de Cas.

Tamén informou da recente concesión de 49.600 euros para reformar o pavillón da Ferrería, dentro do programa de apoio aos concellos para mellorar instalacións deportivas municipais.

No eido dos servizos sociais, explicou que o funcionamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) deste ano supón unha aportación autonómica de case 580.000 euros.

AXENDA

POSTAIS. O Concello de Castroverde organiza un concurso de postais de Nadal no que poderán participar todos os nenos e nenas de entre 3 e 14 anos que sexan alumnos do CPI de Castroverde. O concurso conta con 11 categorías, unha por cada curso escolar e os deseños presentados poderán realizarse a man en papel ou cartolina cun tamaño máximo dun A4. A data límite para a presentación dos traballos é o 15 de decembro. O xurado estará composto por varias persoas do Concello de Castroverde e por cada categoría haberá un premio sorpresa, que será para os autores dos deseños máis valorados polo xurado.

ESCAPARATES. Tamén convocaron un concurso de Escaparates de Nadal co obxectivo primordial de potenciar a imaxe dos establecementos comerciais a través dos seus escaparates durante as festas de Nadal e contribuír á mellora da ambientación das rúas comerciais. Poderán participar todos os establecementos comerciais do municipio que teñan escaparate exposto á rúa. A data límite de inscrición é o 15 de decembro. Así mesmo no momento de presentar a solicitude de inscrición cada comercio recibirá un cartel anunciador que o acredita como participante neste

concurso. A decoración do escaparate deberá manterse dende o día 16 de decembro ata o 7 de xaneiro. Os comercios participantes optarán a tres premios, un primeiro premio de 300 euros, un segundo premio de 200 e un terceiro premio de 100, todos eles acompañados de diploma acreditativo. O premio terá que ser invertido en un ou varios dos comercios participantes no concurso de escaparates deste ano.

XEODESTINO. Xa está aberto o prazo para participar na cuarta xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía. Este proxecto engloba a 10 concellos das comarcas de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) nos que están a facerse xornadas de presentación do que é un proxecto a longo prazo para poñer en valor as riquezas do territorio, e ao mesmo tempo promover vínculos sociais e culturais tanto de proximidade como con visitantes de máis lonxe que se animen a participar. A inscrición para esta actividade é gratuíta, e pode facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000.

Outeiro de Rei acolle unha xornada sobre castiñeiros

O día 16 de decembro de 2023 terá lugar na Casa da Cultura de Outeiro de Rei a II Xornada do Castiñeiro Produtor de castaña, organizada pola empresa CampoLab que contará coa presenza de María Fraga Meizoso de Fauna Útil, Miguel Ángel Vázquez de la Mata de Viveros Castanea Sativa, Fina Lombardero da USC e a investigadora Josefa Fernández López, que xunto co enxeñeiro da empresa organizadora, Pablo Antonio Fraga Gontán, abordarán cuestións relacionadas co cultivo da castaña, dende a planificación e toma de decisións antes de plantar ata a comercialización deste produto e outras cuestións como tratamentos preventivos contra pragas producidas por fungos.

Durante a xornada, xa pola tarde, tamén está prevista unha charla coloquio na que participarán técnicos, produtores e comercializadores que analizarán a problemática do sector da castaña.



A sociedade deportiva celebra a súa cea de Nadal o 16

A sociedade deportiva Outeiro de Rei celebra a súa tradicional festa de Nadal o vindeiro 16 de decembro no pavillón municipal do Concello. A cita comezará ás 21.00 horas e a cea dará inicio ás 22.00 horas.

Haberá música co DJ Francis, sorteos, bingo e monitores para os nenos. Os interesados xa poden solicitar as súas entradas ata o vindeiro 11 de decembro no café bar O Pozo. Trátase dunha proposta aberta a socios, colaboradores, xogades, familia e amigos.

O menú adultos contará con troitas, paella, carne asada, larpeira e café por un prezo de 25 euros para socios e de 35 para os non asociados. O menú infantil, que será gratis ata os 5 anos e que custará 12 euros ata os 16, inclúe troitas, paella, carne asada pizza e sobremesa.

Recollen libros dirixidos ás presas de Bonxe

A UNED Lugo e a asociación penitenciaria Concepción Arenal súmanse á iniciativa *A las olvidadas*, recollendo libros dedicados ás reclusas da cárcere de Bonxe.

“Que libro lle regalarías a unha muller que está no cárcere? Así comeza esta iniciativa. Libros para evadirse, pero tamén para xerar reflexión e debate ao redor dun colectivo invisible para a sociedade e discriminado polo sistema penal porque son minoría”, explican.

A las Olvidadas é unha iniciativa feminista, cultural, solidaria, poética e transformadora, dentro e fóra das prisións que nace da man de teta & teta, unha asociación sen ánimo de lucro, pero con ánimo de reivindicar a liberdade feminina a través da

creatividade e o activismo.

No mes de novembro conmemórase o 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. A UNED de Lugo e a Asociación Penitenciaria Concepción Arenal súmanse esta iniciativa participando como centros de recollida de libros que irán destinados ás reclusas do Centro Penal de Bonxe. “Aqueles persoas que queiran participar na iniciativa o que terán que facer é elixir un libro, escribir unha dedicatoria no mesmo e traelo á UNED de Lugo (Tolda de Castela, 4B) ou á sede de Concepción Arenal (Monte Faro, 2) antes do 13 de decembro. Aqueles que traian un libro á UNED recibirán un pequeno obsequio.

AVANCE DAS OBRAS



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha xuntanza co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, para avaliar o avance dos diferentes proxectos que o Goberno galego ten en marcha no municipio, e singularmente as obras de Augas de Galicia. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a executar obras de mellora do abastecemento e está en proceso de contratación o proxecto construtivo da mellora do sistema de saneamento e a nova estación depuradora de augas residuais, licitado por un importe de 242.000 euros.



CONCILIACIÓN FAMILIAR. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá en 2024 un total de 6 millóns de euros (case un 34% máis ca este ano) para o desenvolvemento por parte das entidades locais de programas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade. Así o destacou a secretaria xeral da Igualdade, Sandra Vázquez, que visitou o colexio público Laverde Ruiz onde se desenvolve o Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación. Un programa que recibiu un apoio do Goberno galego de preto de 75.000 euros na convocatoria deste ano.



Clausurado o programa de emprego que engloba a sete concellos da zona

A Xunta clausurou o programa integrado de emprego que tivo en marcha no período 2022/2023 o Concello de Outeiro de Rei asociado cos de Friol, Rábade, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Abadín e Mondoñedo. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financiou a iniciativa con 250.000 euros.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, anunciou que a Administración autonómica vén de aprobar unha nova achega de 220.000 euros para poñer en marcha outro programa integrado nos mesmos municipios, que comeza este ano e se prolonga durante o 2024. Na vindeira edición, a iniciativa terá como destinatarias prioritarias ás mulleres.

En cada unha destas actividades participan 100 persoas desempregadas, das que un mínimo do 35% serán inseridas no mercado laboral durante a duración do proxecto. A Administración autonómica ofrece bolsas para incentivar a asistencia dos demandantes de emprego a estas accións e asume os custos

salariais do persoal necesario para impartir a formación, así como de desprazamento de dito persoal e gastos materiais e equipamentos técnicos, entre outros.

En canto á actividade que se clausura hoxe en Outeiro de Rei, os participantes foron principalmente persoas desempregadas menores de 30 anos -un total de 74- con diferentes perfís.

As accións centráronse en proporcionarlles aos asistentes ferramentas que lles axuden a acceder ao mercado de traballo. Así, comprendeu iniciativas de formación e asesoramento; técnicas de coaching, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea; fomento da capacidade emprendedora e das habilidades sociolaborais -por exemplo, con simulacións de entrevistas laborais-; prospección empresarial; accións para casar o perfil dos participantes con ofertas de traballo existentes ou prácticas profesionais non laborais en empresas, entre outras.

A obra da nova glorieta licítase en 405.500 euros

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible formalizou por 405.485,86 euros (IVE incluído) as obras de mellora da seguridade viaria, mediante a implantación dunha glorieta, na intersección do punto quilométrico 513,670 da estrada N-6, no termo municipal de Outeiro de Rei.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual intersección en ‘T’ da estrada N-6 coa estrada autonómica LU-115, que mellora a súa funcionalidade ao resolver de forma máis adecuada os impor-

tantes movementos de xiro alí existentes.

Tamén incrementará a seguridade viaria da zona, facilitando todos os movementos e permitindo acugar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta.

Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Os 5 Ríos organiza un mercado de Nadal con artesanía e música

Os veciños do Corgo teñen unha cita o vindeiro sábado 16 de decembro. A Asociación Os 5 Ríos organiza no pavillón un mercado de Nadal con degustacións gratuitas e postos de artesanía e alimentación a partir das 10.00 horas.

Con esta proposta o colectivo pecha o 2023, para regresar no mes de marzo con mercados mensuais. Ademais dos postos, a gastronomía estará moi presente na cita, pois os asistentes poderán gozar de degustacións gratuitas de empanada galega. Tamén haberá un posto de polbo e inchables gratis para os máis pequenos de 11.00 a 16.00 horas.

A música virá da man do dúo Estrellas, que será o encargado de amenizar a sesión vermú e a sesión de tarde. O domingo a asociación levará a cabo unha asemblea xeral, dirixida aos socios, na que se sorteará unha cesta.

Comezan as obras de reparación de danos do cinto comarcal

A Deputación de Lugo iniciou as obras no cinto comarcal á altura da parroquia de San Pedro de Cerceda, no concello do Corgo, para arranxar os danos dos últimos temporais.

A institución inviste preto de 83.000€ para acometer os traballos de emerxencia, necesarios tralo afundimento da vía no punto quilométrico 12,450, o que obrigou a cortar o tráfico e habilitar desvíos alternativos, que están debidamente sinalizados.

As obras consisten na substitución do actual sistema de drenaxe por un marco de formigón prefabricado de sección rectangular de 3x2 metros cadrados deixando soterrado 25cm da cara superior do pavimento, dando así unha maior capacidade de drenaxe co fin de restablecer a circulación coas mellores garantías e condicións de seguridade. Posteriormente, procederase ao acondiciona-



mento da pavimentación do firme, e á reposición da sinalización e implantación do sistema de contención.

A Deputación está a acometer as tarefas en base aos requisitos e en plena coordinación coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Así

mesmo, na execución dos mesmos estase a adoitar en todo o momento as medidas precisas para evitar a contaminación das augas. O prazo de execución é de dous meses, sempre e cando as condicións meteorolóxicas o permitan.

Ameijide acusa a Tomé de trato desigual no arranxo das vías

Antonio Ameijide esíxelle “responsabilidade” a Tomé e ao seu goberno na Deputación de Lugo en materia de conservación de estradas provinciais despois de comprobar o estado do pavimento da maioría das vías da súa titularidade no municipio.

Recentemente, o voceiro acudiu á chamada do alcalde do Corgo, Felipe Labrada, e puido comprobar “o abandono das estradas da Deputación que contrasta coa implicación e boa xestión do goberno municipal en materia de infraestruturas viarias. O Concello do Corgo renovou o 80% das estradas da súa titularidade nun único mandato. E, delas, o 30% con aglomerado”.

As vías provinciais, pola contra, afirma que son obxecto habitual de queixas por parte dos veciños e veciñas debido aos “importantes fochancas existentes na LU-P-1603, que comunica Gomeán con Maceda ou na LU-P-1606 entre Adai e Queizán que é preciso ampliar. Tamén chama a atención o absolutamente desfeito que está o pavimento da LU-P-1610, unha vía estreita case intransitable que comunica Escoureda con Abragán, e por onde pasa a diario o transporte escolar”. Os populares reivindicán tamén o ancheamento da estrada que vai dende Cabreiros a Arxemil, a LU-P-1605. Así mesmo, insisten na necesidade de mellorar o coñecido como cinto comarcal poñendo como exemplo “o asfalto totalmente desgastado da LU-P-1611 ao seu paso por Adai”.

A ITV móbil agrícola estará no concello a final de mes

A unidade móbil da ITV está entre os días 21 de decembro e 5 de xaneiro no Corgo para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas.

Os días 21 e 22 estará no campo da feira de Laxosa e o 26 no mercado de Adai. Entre os días 27 e 29 de decembro e o 2 de xaneiro estará no polígono industrial do Corgo, e os días 3, 4 e 5 de xaneiro na explanada preto da igrexa en Sabarei.

As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás o 22 e 29 de decembro e o 5 de xaneiro que será só en horario de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycity.com.

O PP destaca a aportación da Xunta para o pavillón

A voceira do Grupo Municipal do PP de Pol, Nicole Grueira, subliña a achega de 140.000 euros por parte da Xunta de Galicia para a mellora do pavillón de deportes municipal de Mosteiro que da servizo ao CEIP Rosalía de Castro.

“O arranxo do pavillón é unha realidade grazas á Xunta” que, a través de distintas liñas de apoio aos Concellos, pretende contribuir “a fixar poboación e mellorar a calidade de vida nos concellos do rural”. Esta achega é “unha proba máis do compromiso real do Goberno galego cos veciños e veciñas de Pol”.

Os traballos para a mellora da eficiencia enerxética do pavillón municipal consisten na renovación completa da cuberta, a substitución de luminarias por tecnoloxía LED e a instalación de paneis solares que servirán para alimentar o sistema de iluminación e renovar o sistema de calefacción de caldeira por unha bomba de calor de aerotermia.

Considera que “este investimento favorece que os máis novos do noso concello poidan disfrutar dun bo servizo nunha infraestrutura coas mellores condicións posibles”. Grueira explica que se trata dunha achega correspondente á liña de mellora da eficiencia enerxética en edificios municipais dunha partida adicional do Fondo de Cooperación Local.

Blanco pon en valor nunha visita os investimentos nos concellos

O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, puxo en valor en Pol o traballo desenvolvido polos concellos para levar a cabo proxectos que impulsen unha dinamización social dende o local. Pedro Blanco desprazouse a Pol onde se interesou polas iniciativas que impulsa do Goberno presidido por Lino Rodríguez e que optan a distintas convocatorias de axudas ministeriais. Estas iniciativas teñen como marco de acción a área deportiva, “para beneficio de gran parte da poboación”, sinalou.

O delegado lembrou que as propostas de Pol optan a axudas nas que os municipios do reto demográfico, entre os que se atopa este concello, son prioritarios. E lembrou que esta categoría de concellos foi establecida polo Goberno de Pedro Sánchez para designar e apoiar aos municipios con menos de 5.000 habitantes que requiren dun plan para atallar o despoboamento e o abandono do rural.

O delegado, acompañado da subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez e o alcalde do municipio, Lino Rodríguez, afirmou que “o labor que realizan as administracións destes concellos é fundamental para que poidan avanzar e construír municipios máis vivos e dinámicos, po-



ñendo freo á despoboación do rural e apostando pola sustentabilidade e ampliación dos servizos, facendo máis atractiva a vida nel e promovendo avances que poñan no centro ás persoas que o habitan”.

Un dos proxectos que presentou o alcalde ao delegado consiste na adecuación e instalación de residencias para deportistas que veñan ao municipio e darlles un lugar no que pernoitar, o que permitirá dinamizar moito máis a área de deportes da comarca de Meira e concretamente de Pol.

Ademais desta solicitude, o alcalde detallou ao delegado o proxecto presentado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico por valor de 508.789 euros, dos cales o concello se fará cargo de 50.000 euros para brindar un mellor servizo

nesta área. Esta axuda permitirá a contratación de persoal e monitores para a realización de actividades deportivas ou campamentos.

O delegado e o alcalde repasaron na reunión os apoios do Goberno ao Concello de Pol nestes anos. Así, Pol beneficiouse de dúas axudas por valor de 922.000 euros coas que a Administración local financiou a renovación do alumeadado público e tamén a rehabilitación da antiga casa reitoral para convertela nun centro social.

Ademais, o Concello de Pol beneficiouse do programa UNICO-Banda Ancha, que executa o Goberno para completar a dixitalización do territorio galego. En Pol, este programa posibilitará a conexión a internet de altas prestacións a 1.511 vivendas e empresas.

DEPUTACIÓN

A Deputación aproba un orzamento para 2024 de 116 millóns de euros

A Deputación de Lugo aprobou no Pleno os Orzamentos do ano 2024, que, con máis de 116 millóns de euros, suporán máis servizos públicos e máis dinamismo económico para a provincia, sobre todo no rural, e demostran que “é posible outro modelo de xestión e outro Goberno para Galicia, con diálogo, lealdade e recursos para os concellos”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez, no debate plenario, durante o que subliñou que o presuposto sube un 5,32%, grazas aos fondos que o Executivo provincial conseguiu da Unión Europea.

A deputada incidiu en que son uns orzamentos “realistas e útiles”, por tres motivos principais: “aprobámoslos en tempo e forma para que entren en vigor a primeiros de ano”; “servirán para achegar os servizos públicos aos veciños e veciñas, e para promover a actividade económica vinculada aos sectores estratéxicos da provincia, factores esenciais para fixar poboación no noso rural”; e “continuaremos coa política de feitos, grazas á que executamos unha media anual do 85% do gasto”. Ademais, explicou, son uns presupostos “expansivos” porque soben os investimentos reais nun 45% e as transferencias correntes en preto dun 3%; e “profundamente sociais”, en tanto que as políticas sociais concentran un terzo do total dos fondos previstos, ata alcanzar os 38 millóns de euros, o que supón un 3% máis ca neste ano.



“Un esforzo investidor enorme, co que estamos facendo o que non fai a Xunta de Galicia na nosa provincia”, recalcou Mayra García Bermúdez, pois “incumpre o Estatuto de Autonomía e a Lei de Servizos Sociais de Galicia e non asume as competencias en servizos sociais, cargándollas á Deputación e aos concellos, sen transferirnos financiamento”. Por iso, entre outras moitas medidas, asegurou, a institución provincial “ten que despreparar e manter unha rede de residencias públicas para os nosos veciños e veciñas do rural, porque a Xunta non o fai, nin tampouco colabora”.

MAIORES. Así, nos Orzamentos do 2024 a Deputación dedica preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de maiores que ten en servizo –6 deles abertos no pasado mandato–, e continuar cos proxectos comprometidos. Como xa adiantou o Presidente, José Tomé Roca, a previsión é

poñer en marcha neste mandato as residencias da Pontenova e de Guiriz.

O Goberno provincial renova seu “apoio ao labor fundamental do tecido social vinculado co terceiro sector” con partidas que suman 1,3 millóns, explicou García Bermúdez, que, en políticas sociais, tamén destacou a creación no antigo hospital de San Rafael, en Castro de Rei, do que será o primeiro Centro de Acolida de Protección Internacional de Galicia. Un proxecto froito da colaboración da Deputación co Goberno do Estado, que terá “un retorno económico moi importante para a provincia”, cun investimento de 12 millóns e a creación de 25 empregos directos e 45 indirectos.

A Deputación desenvolverá no 2024 o programa E Para Vivir... a Provincia de Lugo, para “afrontar o reto demográfico”, sinalou a deputada, con medidas de apoio integral ás persoas que decidan irse a vivir ao rural; axu-

cos que lles permitirán avanzar na transformación dixital e mellorar así os servizos que prestan á veciñanza, grazas aos 4,5 millóns que conseguiu da Unión Europea.

ESTRADAS. Como “un dos piares dos Orzamentos”, explicou, o investimento na mellora da mobilidade medra un 11% no ano 2024, ata alcanzar os 20 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais.

Dende o inicio do anterior mandato, destacou García Bermúdez, o Goberno da Deputación foi incrementando progresivamente as partidas para a rede viaria provincial e local, pasando dos pouco máis de 14 millóns de euros que había no 2019 aos 20 millóns do 2024, o que supón unha suba dun 42% en 5 anos. “

SECTORES. O apoio aos sectores produtivos gaña peso nos Orzamentos do 2024, e incrementárase nun 7,6%, ata chegar aos 11,3 millóns, as partidas para sectores estratéxicos, como o agrogandeiro, forestal e do mar, a economía verde, o comercio, a hostalería e o turismo.

No caso do sector primario, os fondos ascenden a 3,5 millóns, dos cales 2 son para a Granxa Gayoso Castro. Neste eido, a Deputación prevé arrancar as obras que restan do Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, que “será un revulsivo para a zona e para a toda a provincia”.

Tamén potencia o programa Lugo Termal ofrecendo máis prazas que a propia Xunta; renovará o programa Coñece a túa Provincia, cun retorno económico de medio millón de euros dende o seu inicio; ou continuará coas rutas fluviais pola Ribeira Sacra.

Licitado o contrato para a conservación de estradas nos próximos dous anos

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou licitar por un importe de máis de 3,5 millóns de euros a prestación do servizo de conservación e mantemento dos 4.217 quilómetros que ten a rede viaria provincial, para os dous vindeiros anos 2024 e 2025.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen informou de que o contrato “está dividido en 8 lotes, un por cada zona da rede viaria provincial, co obxectivo de poder actuar dun xeito máis áxil e eficaz”, tendo en conta, subliñou, que “a de Lugo é a Deputación de España con máis quilómetros de estradas, e que multiplica

por tres a rede da propia Xunta de Galicia”.

Inclúense tarefas de acondicionamento, así como a atención de emerxencias, causas sobrevidas e consecuencias provocadas polas inclemencias meteorolóxicas nas vías. Na Xunta de Goberno tamén saíron adiante dous novos contratos para o subministración de material para o Parque Móbil da Deputación que suman, en conxunto, un importe superior ao millón de euros. Trátase, por un lado, da adquisición de emulsión asfáltica, por unha contía de case 720.000 euros, estimada en base a un consumo de 1.250 toneladas semestrais a un prezo

de 574 euros por tonelada, e prorrogable por outros 6 meses. Por outra banda, a Deputación licita por preto de 380.000 euros a compra de áridos de rego asfáltico con grava artificial, necesario para realizar os traballos de acondicionamento nas estradas provinciais e municipais.

Tamén na Xunta de Goberno aprobouse o último trámite administrativo que resta para pagar a 21 asociacións de 13 concellos da provincia axudas económicas que suman un total de 115.000 euros, beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios que impulsa a Deputación.

COÑECE A TÚA PROVINCIA



A Deputación de Lugo leva xerado un retorno económico de en torno ao medio millón de euros no sector turístico a través do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia dende a súa posta en marcha no ano 2021. Participaron en total 358 colectivos e case 8.000 persoas, que viaxaron gratuitamente polas distintas comarcas grazas a esta iniciativa, coa que a institución provincial busca fomentar o coñecemento dos recursos patrimoniais lucenses entre os propios veciños e veciñas, ao mesmo tempo, dinamizar a actividade do turismo, a hostalería e o comercio.

COLABORACIÓN

Xornada partida ou continua

O PUPITRE



Julio Díaz

Escoito con preocupación que o Consello Escolar de Navarra aprobou no seu ditamen o proxecto de Orde Foral polo que se establece a xornada escolar partida para todos os colexios públicos de Infantil e Primaria. Trátase dunha volta ao tradicional modelo de clases pola mañá e pola tarde, que nos derradeiros anos e, especialmente tras a covid, perdeu peso na maioría dos centros educativos españois en detrimento da xornada escolar continua ou intensiva de clases só en horario matutino.

Para afondar no debate aparece un informe da OCDE, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico, que fai unha aposta pola xornada partida dos centros educativos, alegando que a continua prexudica a equidade do alumnado, cando outro informe do mesmo organismo di que Galicia é unha das comunidades

con máis equidade no estudo. Si Galicia ten case un 90% dos centros con xornada continua é totalmente contradictorio co que agora presentan neste informe.

O que si di este informe, e ninguén resalta, é que un profesorado mellor remunerado, os centros con máis recursos, unha revisión das políticas de admisión do alumnado e de elección de centro, que garanta que os alumnos se distribúan de maneira máis heteroxénea entre os centros educativos reducindo a segregación escolar, máis F.P. é o que favorece que a fase de abandono temperá diminúa e o aumento na calidade do ensino se produza.

A pesar de que a grande diversidade de estudos sobre un tema tan controvertido segundo ou enfoque de expertos, profesores e familias non poden afirmar con rotundidade cal é o modelo máis beneficioso para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Eu como docente e, ante a falla de estudos contundentes que non se vexan influenciados por intereses variados, prefiro unha xornada escolar continua, xa que penso que

os nenos presentan o seu nivel máis alto na "curva de atención" en horarios de mañá. Tamén é mellor que acaben antes e poidan realizar outro tipo de actividades, sen que a súa xornada se prolongue moito. É un dos problemas que temos no noso país, que a xornada dos nosos rapaces, cando rematan a xornada escolar, a extracurricular e tempo libre adéntrase xa na noite facendo que as xornadas sexan interminables.

É importante non confundir a xornada educativa dos nosos alumnos coa xornada asistencial e os centros escolares non deben responder ás necesidades das familias desde un punto de vista da conciliación, senón dende un punto de vista educativo e as administracións non deben liquidar este problema conciliatorio pola vía rápida "aparcando aos rapaces" dentro das aulas.

As propias conversas con pais/nais tampouco dan idea de consenso. Os partidarios da continua ven unha molestia desprazarse catro veces ao día aos centros educativos (se os seus fillos non quedan ao comedor) e agradecen poder



pasar máis tempo con eles en caso de non traballar polas tardes.

Tamén entenden que é mellor para os rapaces condensar as horas lectivas na mañá e permitir dispor de máis tempo libre para eles.

Outros veno de forma distinta e prefiren a xornada partida, xa que lles sería imposible poder organizarse para recollelo pronto e ademais consideran que os rapaces están máis "relaxados" ao facer unha parada para comer, descansar un anaco, en lugar de comer máis tarde.

Resulta interesante ver os argumentos de defensores e detractores; argumentos que se repiten

por parte dos que defenden ambas as posturas. Argumentos interesantes xa que a día de hoxe non existe ningún estudo que aclare rotundamente sobre os beneficios ou prexuízos dun tipo de xornada sobre outro. O debate en si ten máis de político que de mellora educativa.

Rematar dicindo que a xornada escolar non é un capricho do profesorado, xa que para implantala ou modificala fai falla unha maioría cualificada na que participan as familias, o Consello Escolar do Centro e o claustro de profesores. Unha garantía.

Outra volta co tempo

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Botando a vista atrás, un descubre que xa leva colaborando co xornal Terrachaxá desde hai quince anos. Case nada. Non é toda unha vida, pero tampouco está nada mal o asunto. Pois durante todo este percorrido, un total de cento oitenta e catro artigos saíron á luz para seren lidos polo público que así o desexase. Terrachaxá continúa, un mérito que cómpre recoñecer ante as enormes dificultades que arrodean á prensa escrita. Pois neste período tratáronse múltiples temas, procurando darlle en todo momento un enfoque local e propio. O título da columna, "A Nosa Voz", pensamos que xa resulta significativo. E como non podía ser doutra maneira, tiñase que falar sobre o tempo, asunto ao que se recorre de for-

ma case inmediata para iniciar calquera conversa en todo lugar que se preste. No artigo precedente, un analizaba os lumes que arrasaron centos de hectáreas de eucaliptos, principalmente no concello de Trabada, chegando mesmo ás portas da vila de Foz, con ameaza real para as persoas. Ese incendio –ou incendios– semella ter sido provocado pola man do home, axudado obviamente por unhas excesivas temperaturas que se deron, tamén na Mariña, a principios de outubro. Unha situación climática anómala que, coa colaboración maligna do ser humano, pode xerar graves consecuencias.

E volvendo máis para atrás, xa en marzo de dous mil doce, dedicábase un artigo á situación máis que atípica que derivaba dun inverno no que apenas chovera quince días, continuación dun outono escaso en precipitacións e con temperaturas tamén elevadas. E precisamente nese mes –marzo– sufrírase un incen-

dio considerable nas fragas do Eume. É dicir, que non sempre chove cando ten que facelo, nin vai calor cando debería, ou ao revés, tanto ten. O clima non é unha ciencia exacta nin inmóbil, senón que varía. Pero é evidente que existe unha tendencia duns anos para acá, nos cales constatamos fenómenos que se saen do normal con maior frecuencia da habitual. E xa non é teoría popular, que tamén, son os propios expertos que se supón saben do que falan quen así o certifican. E para exemplo temos o outono presente, onde despois dunhas choivas finalizando o verán, iniciouse un mes de outubro no que o termómetro parecía querer volver a agosto, polo que a roupa de abrigo tiña que seguir gardada no armario. Acabadas esas semanas de calor, chegou a auga, pero en cantidades máis que xeitosas e prolongadas en exceso. Para coñecer os efectos, unha simple vista a agras e prados, onde os problemas para sementeira e o

O RECUNCHO DE CANELINA



pasto do gando agrandouse por mor de tanta auga. Por suposto, non podemos esquecer a importante caída na produción de setas e, sobre todo, castañas, onde se fala que pouco máis da metade das que se apañan son aptas

para o consumo; ben é certo que outros de catro patas dan boa conta delas e así se comprobará nas sucesivas semanas.

En fin, que non podemos ir á praia bañarnos en outubro aquí no País. E se imos, algo raro pasa.

DEPORTES

A Lugo Monumental será o 17 de decembro

O concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, anunciou a data de celebración da vixésima edición da carreira popular Lugo Monumental. Será o vindeiro domingo 17 de decembro cando se celebre o 20 aniversario desta cita deportiva, moi arraigada na cidade, que organizan dende o executivo municipal.

A proba, que contará cunha distancia aproximada de 10 quilómetros, terá tanto a saída como a meta na Avenida de Ramón Ferrero, coa Praza Horta do Seminario como centro de operacións da organización, como en edicións anteriores. Ademais, o percorrido seguirá sendo en parte circular ao redor da Muralla, cunha última volta por encima do adarve, mantendo o espírito de todas as edicións anteriores.

A Lugo Monumental contará co patrocinio de Caixabank, como en anteriores anos, e suporá o pistoletazo de saída a novas carreiras e eventos populares ao longo do

ano 2024. “Dende a Concellería de Deportes xa estamos a traballar na celebración dunha nova edición do Circuito Corre con Nós 2024 e a colaborar coa VI Edición da Media Maratón de Lugo na primavera deste vindeiro ano”, detallou Bustos.

ANIVERSARIO. Para celebrar o 20 aniversario da carreira Lugo Monumental, obsequiarase a todos e todas os e as participantes adultos/as cunha camiseta conmemorativa. Ademais, para as categorías inferiores haberá entrega de medallas ao finalizar as súas carreiras.

A carreira estará limitada a 1.200 adultos e toda a información do evento atópase dispoñible na páxina web: www.10klugomonumental.com. As inscricións xa están abertas, ata o vindeiro 10 de decembro. Serán totalmente de balde para as categorías menores.



Adrián Ben e Águeda Marqués gañaron o Cross Ponte Romana de Lugo

O Cross Ponte Romana converteu Lugo en referencia do atletismo estatal. A vitoria de Adrián Ben na proba absoluta ou o pleno de Escola Atlética Lucense no podio de sub18 feminina, con Xela Martínez, Enma Méndez e Sandra González foron algúns dos fitos deportivos da carreira, que convocou un milleiro de atletas de distintas categorías.

A vitoria polo tanto, na categoría masculina foi para Adrián Ben e na feminina para a súa parella sentimental, Águeda Marqués. Víctor Ruíz entrou por detrás do viveirense e Jesús Gómez Santiago en terceiro lugar. Na feminina, por detrás da segoviana entrou María Forero e Laura

Santos Domínguez.

Na categoría sub 18 feminina a luguesa Xela Martínez entrou segunda por detrás de Emma Méndez. Na masculina impúxose teo d Frutos, seguido de Iker Fernández Codesido e Ricardo Negrete.

O Cross Ponte Romana rendeu homenaxe nesta edición á fondista Alessandra Aguilar, sinalada pola organización como a mellor atleta lucense de todos os tempos. En 2013, logrou o quinto posto no maratón dos mundiais de atletismo de Moscú, o maior fito nunha carreira repleta de récords e campionato de España en varias distancias, destacando no maratón.

O Breogán escolle o novo equipo de xestión trala saída de Caneda

Tito Díaz, Carmen Lence, Narciso Fernández e Alfonso Orol renovaron os cargos no Consello de Administración do CB Breogán, elixidos por unanimidade na Xunta Xeral. Votouse tamén a incorporación dun conselleiro representativo da Fundación Breogán, Salva Arco.

Ao mesmo tempo comunicouse a saída de José Antonio Caneda, anterior presidente da entidade, para quen os membros do consello tiveron palabras de agradecemento. Os accionistas aprobaron as contas do pasado exercicio, con só unha abstención, e o orzamento da presente tempada por una-



nimidade, que está establecido nuns ingresos previstos de 3.940.000 euros, o 70% privados e o resto de entidades públicas. O consello reunírase nos vindeiros

días para o reparto de cargos e para establecer cal deles será o próximo presidente. Na asemblea estiveron presentes o 56,32% do capital social

PRESENTACIÓN DO EMEVÉ



O pavillón Municipal de Lugo acolleu a presentación oficial dos equipos de todas as categorías do Club Voleibol Arenal Emevé, que conta con máis de 500 xogadores e xogadoras competindo esta tempada. Durante a sesión presentáronse todos os equipos, que van desde os prebenxamins ata o sénior, tanto nas categorías masculina como feminina.

Debut do CD Lugo na Liga Genuine

O CD Lugo Genuine trasladouse a Tarragona para dar comezo a unha nova tempada da Liga Genuine. Durante tres días, os albivermellos puideron gozar dunhas xornadas repletas de emoción e valores nas que compartiron momentos co resto de equipos presentes na cidade.

A experiencia empezaba o venres coa visita do parque temático de Portaventura, onde a expedición albivermella gozaba das innumerables atraccións e espectáculos que ofrece o complexo turístico. Na quenda de tarde, os mozos e mozas presenciaron no Nou Stadi Costa Dourada, estadio do Gimnàstic de Tarragona, equipo anfitrión desta parada no calendario, o acto de inauguración desta sexta edición da Liga Genui-



ne. Os 46 equipos que conforman a liga estiveron arroupados por unha multitude de afeccionados, amigos e familiares que os animaron durante o desfile inaugural ao son dos seus respectivos himnos. O sábado daba comezo a compe-

tición cos primeiros partidos, cun CD Lugo Genuine que quedaba enmarcado no Grupo Superación. A participación albivermella concluíu o domingo, coa disputa dun duelo sempre especial coa SD Ponferradina.

“Precisamos nenos e nenas que queiran xogar ao béisbol”

O Lume Béisbol Club leva dende 1975 ensinando este deporte na cidade de Lugo. Jesús Pedreira é antigo xogador e actual presidente da entidade

Cando comeza a historia do Lume Béisbol Club?

O Lume Béisbol Club nace no ano 1975, nesas datas, entre o ano 1975 e o 1980 había en Lugo catro clubs de béisbol e cada club tiña representación en todas as categorías. Naquel momento eramos a terceira cidade despois de Madrid e Barcelona con máis fichas de España. Por aquela época xogabamos nas pistas da Cidade Cultural e xogamos alí durante moito tempo ata que os atletas reclamaron a súa pista e nós tivemos que marchar. A partir de aí estivemos unha época na que non dispoñiamos de campo ata que nos cederon o campo de fútbol de Nadela. Nese momento foi cando se perdeu unha gran parte de afección.

Canta xente forma parte actualmente do club?

Na actualidade hai unhas oito ou nove persoas, que somos antigos xogadores, os que formamos parte do funcionamento do club. Uns fan os labores de adestradores, presidente, secretario, e entre todos traballamos para levar o club cara adiante. O que non pode un día vai outro e ímonos aquendando.

En que categorías están a competir? Actualmente contamos con cate-

gorías alevíns, infantís e cadetes e como somos o único club que existe na actualidade na cidade de Lugo de béisbol competimos a nivel galego. O ano pasado tivemos dous colexios e fixemos unha pequena competición entre as categorías dos colexios, pero a día de hoxe competimos a nivel galego.

Onde realizan os adestramentos?

Adestramos en diferentes sitios dependendo do día. Os venres pola tarde no Rosalía de Castro, os sábados pola mañá si fai bo tempo imos ao

“Somos unhas oito ou nove persoas, antigos xogadores todos, os que formamos parte do funcionamento do club”

campo e senón no Luís Pimentel, e o sábado pola tarde adestramos con outra categoría tamén no Rosalía de Castro.

Que necesidades teñen na actualidade?

A nosa principal necesidade é contar con máis nenos e nenas que queiran

xogar, porque dun ano para outro cambian de deporte. Nós traballamos ano a ano, ofrecendo clinics nos colexios e tamén como actividade extraescolar, e non todos os anos sae da mesma maneira. Na actualidade só estamos no colexio de Rosalía de Castro e contamos tamén con todos os nenos e nenas que nos van quedando de anos anteriores. Temos algo máis de trinta fichas e o que precisamos son pequenos e pequenas que aporten continuidade a este proxecto.

Seguen aceptando nenos e nenas a estas alturas da tempada?

Si, por suposto, seguimos aceptando nenos e nenas. Estamos cos adestramentos pero aínda non comezaron as competicións oficiais, estamos esperando os calendarios da Copa e da Liga onde participaremos coas tres categorías e de momento todos os que estean interesados poden vir a anotarse e están a tempo de xogar. Unha vez que comeza a competición as inscricións seguen abertas e aínda que non poderían participar na competición oficial si que poden vir a adestrar e participar de diferentes partidos organizados por outros clubs. Sempre estamos abertos a calquera neno ou nena, xa que xogamos mixto, que lle apeteza comezar



neste deporte.

Como nace a súa relación co béisbol?

Aquí en Lugo o béisbol ten unha raíz longa, sobre o ano 1966 Ricardo Coira, que chegou a ser seleccionador nacional de béisbol, en colaboración cun ex xogador formaron un equipo de béisbol e comezaron a disputar partidos no instituto. Despois o meu irmán maior comezou a xogar no Helios, que foi o primeiro equipo que xurdiu aquí federado e despois del fomos os irmáns pequenos. O Helios desapareceu durante un período e eu comecei a xogar no Lume e xa me quedei neste club.

Que é o que máis lle gusta do béisbol?

Para min é un deporte espectacular, un deporte moi bonito. É moi individual pero ao mesmo tempo é necesaria a colectividade e onde apenas hai contacto físico. Ademais, non precisa dunha preparación física espectacular, cada posto ten a súa particularidade, eu de feito practiqueino ata os 52 anos. Este deporte require moita visión de xogo, é moi intelixente, pode non resultar atractivo polas normas que ten, xa que non se ase-

mella a outro deporte, pero en canto se comprenden un pouco as regras é un deporte moi bonito e vistoso.

Que obxectivos teñen a medio e longo prazo?

Manter vivo o béisbol, agora é máis difícil porque xa no hai competición interescolar como había antes e ademais para os máis pequenos non existe un referente a nivel de televisión ou de noticias, entón os rapaces desvincúlanse con facilidade porque outros deportes e os amigos tiran moito a estas idades.

Cales son as maiores dificultades para un deporte minoritario?

Na actualidade algunhas subvencións van ligadas á cantidade de fichas que teña cada club, polo tanto nós, que somos un deporte minoritario e non temos moitas fichas, pois as subvencións son pequenas. Antes era unha actividade gratuíta pero dun tempo a esta parte temos que cobrar, unha cantidade mínima, para poder mercar os uniformes ou as bolas, que se gastan moito. A parte económica é quizais a que máis nos está contando, por iso o principal e ter nenos e nenas.

Dobre Copa Deputación para o Ribeira

O Ribeira fixo dobrete coa Copa Deputación de fútbol sala para levarse o título nas dúas categorías sénior, a feminina e a masculina.

Na Copa de Primeira División masculina o Ribeira fixo un paseo sobre a cancha para levarse a vitoria cun avultado 7-1 ante o Outeiro de Rei no Chanto, lugar escollido para celebrar a última sesión deste cita deportiva anual co fútbol sala. Gran actuación do equipo de Arcadio, que fixo seu os dous tempos do partido. Abriu cedo o marcador, sobre o minuto 4 e antes da pausa xa estaba tres goles por riba. Na reanudación o Outeiro de Rei marcou pero foi un espellismo, porque o Ribeira seguiu



abrindo fenda ata os minutos finais, cando marcou os dous últimos.

Na feminina, o equipo de Lugo fíxose coa vitoria ante o Pescados Rubén B. Venceron por 1-2 nun partido moi

igualado no que as laranxas marcaron na primeira xogada do duelo. Empataron antes do intermedio e xusto á volta, subiron o gol da vitoria ao marcador.

Un lugués gaña o Campionato Galego de Mototurismo

Celebrouse a xuntanza anual da asociación de grupos moteiros galegos, na que se decidiu o resultado do Campionato Galego de Mototurismo da AGMG.

O gañador deste ano é Miguel Ángel Panceiras, do Motoclub Lostregos Lvcvs, de Lugo, gañador individual club socio AGMG, que asistiu durante o ano a un total de 24 eventos organizados por socios da AGM. A Asociación de grupos moteiros galegos (AGMG) engloba 50 motoclubs de Galicia. Dos 50 socios que compoñen a AGMG participaron nesta xornada o 70 por

cento. Miguel Ángel Panceiras do Motoclub Lostregos Lvcvs recibiu este premio xa que asistiu durante o ano a un total de 24 eventos organizados por socios da AGMG e esta é a terceira vez que un lucense gaña este premio.

Por outra banda, o club gañador deste ano é Motoclub Moteiros do Morrazo, os seus socios asistiron a un total de 42 eventos.

O gañador individual que participa por libre no campionato é Manuel Rodríguez e a acompañante gañadora con máis participacións Ángeles Rodríguez.

DE RUTA EN RUTA

Antas de Ulla: Ruta dos Petróglifos de San Fiz

Neste percorrido circular de once quilómetros pódese descubrir unha das zonas con maior concentración destes gravados en pedra

O Monte Farelo, situado entre os municipios de Antas de Ulla e A Golada contén unha importante representación de petróglifos. Estes gravados en pedra son algunhas das representacións deixadas polo home prehistórico durante o terceiro e segundo milenio antes de nosa era, estendéndose durante a Idade de Bronce, un período caracterizado por unha economía de base agrícola e gandeira, cunha crecente metalurxia e unha sociedade cada vez máis estratificada.

Os petróglifos que se poden atopar na ladeira do Monte Farelo están realizados sobre pedra granítica, moi abundante na zona, e conforman sucros nos que predominan as espirais que tamén están presentes noutros lugares de Galicia.

A ruta que nos leva a visitar estes petróglifos partindo da praza do Concello de Antas de Ulla consta dun total de once quilómetros entre a viaxe de ida e volta. Collegeremos dirección a Olveda para continuar pola rúa Rodeiro e unha vez finalizada continuaremos pola dereita en dirección a Vilasión, San Fiz e o Castro. Tras percorrer



un quilómetro xa poderemos ver o Monte Farelo e adentrarémonos en Vilasión, onde poderemos desfrutar dos seus castiñeiros centenarios.

Unha vez pasemos a aldea continuaremos por unha pronunciada pendente cara abaixo para xusto despois adentrarnos entre carballedos e bidueiros seguindo o curso dun pequeno regato. Unha subida daranos acceso a San Fiz de Amarante, onde deberemos tomar o primeiro desvío á esquerda deixando atrás a igrexa.

Aproximadamente en torno ao quilómetro tres colleremos de novo á esquerda en dirección a Bellos, Ermide e Santa Cristina e despois de medio quilómetro máis abandonaremos San Fiz e a estrada asfaltada para coller un camiño a man dereita que nos dirixirá á ladeira da montaña.

Despois de levar xa catro quilómetros de ruta chegaremos á ladeira da montaña e ao chegar a un cruce de camiños colleremos á dereita en dirección a un depósito de auga, unha vez aí deberemos percorrer

cincuenta ou sesenta metros cara á dereita seguindo as pegadas da maquinaria agrícola dos veciños.

A Pena aparecerá á nosa esquerda e será o primeiro lugar onde poderemos ver os petróglifos. O da Pena de Chaos está situado a 620 metros de altitude nun punto que fai de unión entre a serra do Farelo e a pequena depresión de San Fiz. Duns trece metros de lon-

go por cinco de ancho esta rocha granítica está clasificada como petróglifo monumental. Conta cun total de trinta motivos abstractos onde as combinacións circulares predominan.

Unha vez desfrutada a Pena de Chaos volveremos sobre os nosos pasos ata o depósito de auga para retomar o camiño á dereita e non o abandonaremos ata chegar de

novo ao asfalto. Neste punto colleremos dirección cara Castro de Amarante e pasaremos pola aldea do Castro, onde tomaremos sempre o empedrado á esquerda, que nos levará ata a estrada de Lugo-Vigo. Por esta estrada chegaremos a Vilane onde nos quedará unha última pendente antes de ver as primeiras casa de Antas de Ulla.



DATOS



3 horas



11 quilómetros



Dificultade media

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

COMPRA
ON LINE



FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA
ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715

Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374